

# TRES SOMBREIROS DE COPA.

*de Miguel Mihura*

## ACTO PRIMEIRO

---

*Cuarto dun hostel. No lateral esquerdo, diante, porta pechada que comunica con outra habitación. Outra porta no foro, para entrar/saír da habitación. Unha cama. Un armario. Un biombo. Unha butaca ou pequeno sofá. Unha mesiña e un teléfono. Unha palangana ou lavabo. Aos pes da cama, no chan, dúas maletas e dúas sombrereiras altas de sombreiros de copa. Un balcón. Unha lámpada de pé. Outra lámpada pequena para a mesiña.*

*Cando empeza a escena, as luces acenden progresiva e lentamente. Pola porta do foro entran Dionisio e Dona Rosario, acompañada dunha nena, unha sobriña. Dona Rosario acende a luz da lámpada de pé. Dionisio, vestido normalmente, con gabán e unha bufanda, trae na man unha sombrereira similar as que xa están na escena. Dona Rosario é esa velliña, moi boa xente.*

**DONA ROSARIO.-** Pase vostede, don Dionisio. Aquí, nesta habitación, ten a súa equipaxe.

**DIONISIO.-** Pois é unha habitación moi bonita, dona Rosario.

**DONA ROSARIO.-** É a mellor habitación, don Dionisio. E a máis sana. Mire o balcón dá ao mar. E a vista é ben fermosa. (*Vai cara o balcón que está no centro no primeiro termo.*) Achéguese. Agora non se ve ben, porque é de noite. Pero, sen embargo, mire vostede alí as luceciñas das farolas do porto. Fan un efecto moi lindo. Todo o mundo o di. ¿Veas vostede?

**DIONISIO.-** Non. Non vexo nada.

**DONA ROSARIO.-** Parece vostede parvo, don Dionisio.

**DIONISIO.-** Anda! Por que me di vostede iso?

**DONA ROSARIO.-** Porque non ve vostede as luceciñas. Espere. Vou abrir o balcón. Así veraas moito mellor.

**DIONISIO.-** Non. Non, señora. Vai un frío moi grande e a nena pode coller un catarro. Déixeo. (*Mirando novamente cara onde están supostamente as luceciñas do porto.*) Ah! Agora creo que as vexo. (*Mirando con dificultade a través dos cristais.*) Son tres luces pequerrechas que hai alí ao lonxe?

**DONA ROSARIO.-** Si. Iso é. Iso é.

**DIONISIO.-** Fermoso! ¿Hai unha que é vermella, verdade?

**DONA ROSARIO.-** Non. As tres son brancas. Non hai ningunha vermella.

**DIONISIO.**- Pois eu penso que unha delas é vermella. A da esquerda.

**DONA ROSARIO.**- Non. non pode ser vermella. Levo quince anos ensinando a todos os hóspedes, dende este balcón, as luceciñas das farolas do porto, e ninguén me dixo nunca que había unha vermella.

**DIONISIO.**- Pero, ¿vostede non as ve?

**DONA ROSARIO.**- Non. Eu, por causa de que a miña vista está moi débil, non as vin nunca. Cando morreu o meu pai, díxome: “Oe, Rosario, ven. Dende este balcón da alcoba grande, vense tres luceciñas brancas do lonxano porto. Ensínallas aos hospedes e poranse todos moi contentos...” E eu sempre as ensino, (*diríxese á sobriña.*) a que si miña nena?... (*A rapaza fai un xesto de “non sei, a min que me contas”.*)

**DIONISIO.**- Pois hai unha que é vermella. Asegúrollo.

**DONA ROSARIO.**- Entón, dende mañá, direi aos meus hóspedes que se ven tres luceciñas: dúas brancas e unha vermella... Seguro que se poñen máis contentos aínda... Verdade que é unha vista marabillosa? Pois de día é aínda máis linda!

**DIONISIO.**- Claro! De día verán máis luceciñas...

**DONA ROSARIO.**- Non. De día apárganas.

(*A nena ri a contestación da súa tía.*)

**DIONISIO.**- Que mala sorte!

**DONA ROSARIO.**- Pero non importa, porque, no seu lugar, vese a montaña, cunha vaca enriba moi gorda, que, pouco a pouco, estase a comer toda a montaña...

(*A nena aínda ri máis.*)

**DIONISIO.**- É asombroso!

**DONA ROSARIO.**- Si. A natureza toda é asombrosa, fillo. (*Xa deixou Dionisio a sombrereira xunto as outras. Agora abre unha maleta e saca un pixama negro, de raso, cun paxaro bordado en branco sobre o peito. Pon o pixama, extendido, aos pés da cama. Logo, mentres sigue a falar con dona Rosario, vai quitando o gabán e a bufanda, que mete dentro do armario. A sobriña mira o pixama e cotillea na maleta sen perder de vista os movementos de Dionisio.*) Esta é a habitación máis bonita de toda a casa...

Agora, claro, xa está estropeada de tanto traxín... Veñen tantos hóspedes no verán!... Pero ata o piso de madeira é mellor que o dos outros cuartos... Veña aquí... Fíxese... Esta zona, non, porque é o paso e xa está gastado de tanto pisar... Pero mire vostede debaixo da cama, que aí está máis conservado... Fíxese que madeira, fillo... ¿Ten vostede mistos?

**DIONISIO.**- (*Achegándose a Dona Rosario.*) Si. Teño unha caixa de mistos e tabaco.

**DONA ROSARIO.**- Acenda vostede un misto.

**DIONISIO.**- Para que?

**DONA ROSARIO.**- Para que vexa vostede mellor a madeira. Agáchese. Póñase de xeonllos.

**DIONISIO.**- Vou. Espere, teño algo mellor que merquei hai unha semana: unha lanterna.

(*Acende a lanterna, e os tres de xeonllos miran debaixo da cama.*)

**DONA ROSARIO.**- Que lle parece a vostede, don Dionisio?

**DIONISIO.**- Que é magnífico!

**A SOBRRIÑA.**- (*Berra.*) Ai!

**DIONISIO.**- Que lle pasa a súa sobriña?

**A SOBRRIÑA.**- (*Mirando debaixo da cama.*) Alí hai unha bota!

**DIONISIO.**- De home ou de muller?

**DONA ROSARIO.**- Non sei. É unha bota.

**DIONISIO.**- Deus! Mi madriña!

**DONA ROSARIO.**- Algún hóspede debeuna deixar esquecida... E as da limpeza nin sequera a viron ao varrer!... A vostede parécelle isto bonito?...

**DIONISIO.**- Non sei que dicirlle...

**DONA ROSARIO.**- Faga o favor, don Dionisio. A min cústame agacharme máis por causa da cintura... Quere vostede ir e coller a bota?

(*Dionisio mira para a nena pero non hai resposta.*)

**DIONISIO.**- Déixea vostede, dona Rosario... Se a min non me molesta... Eu axiña me vou deitar, e non lle fago caso...

**DONA ROSARIO.**- Eu non podería durmir tranquila se soubese que debaixo da cama hai unha bota... Chamarei agora mesmo para que limpen.

(*Saca unha campaiña do peto e faina soar.*)

**DIONISIO.**- Non. Non toque máis. Eu irei por ela. (*Mete parte do corpo debaixo da cama.*) Xa está. Xa a collín. (*Sae coa bota.*) Pois é unha bota moi bonita. É de home...

**DONA ROSARIO.**- Quérea vostede don Dionisio?

**DIONISIO.**- Non, por Deus; moitas grazas. Déixeo vostede...

**DONA ROSARIO.**- Non sexa parvo. Veña. Se lle gusta a bota, quede con ela. Seguro que ninguén a vai reclamar... Calquera sabe dende cando está aí metida!...

**DIONISIO.**- Non. Non. De verdade. Eu non a necesito...

**DONA ROSARIO.**- Veña. Non sexa vostede parvo. Quere que lla envolva nun papel, parruliño?

**DIONISIO.**- Ben. Como vostede queira...

**DONA ROSARIO.**- Non fai falta. Está limpa. Métaa no seu peto. (*Dionisio mete a bota nun dos seus petos*) Así...

**DIONISIO.**- Érgome xa?

**DONA ROSARIO.**- Si, don Dionisio; érgase de aí, non sexa que estropee os pantalóns...

**DIONISIO.**- Anda, que vexo, dona Rosario! Un teléfono?

**DONA ROSARIO.**- Si, señor. Un teléfono.

**DIONISIO.**- Pero é un teléfono deses polos que se pode chamar aos bombeiros?

**DONA ROSARIO.**- Si, señor. E tamén aos das Pompas Fúnebres...

**DIONISIO.**- Pero iso é todo un exceso, dona Rosario! (*Mentres Dionisio fala, dona Rosario saca da maleta un chaquet, un pantalón e unhas botas e colócaas no armario. A súa sobriña participa na operación e axuda.*) Hai sete anos que veño a

este hotel e cada ano encontro unha nova mellora. Primeiro, sacou vostede as moscas da cociña e levounas para o comedor. Despois, sacounas vostede do comedor e foron á sala. E o outro día sacounas da sala e levounas de paseo ao campo, onde, por fin, logrou vostede deixalas... Foi magnífico! Logo puxo vostede a calefacción... Agora teléfono nas habitacións...

**DONA ROSARIO.**- Xa me coñece vostede, don Dionisio. Non o podo remediar. Son así. Todo me parece pouco cando se trata dos meus ben queridos hóspedes...

**DIONISIO.**- Pero, sen embargo, esaxera vostede... Non está ben que cando vai frío nos meta vostede botellas de auga quente na cama; nin que cando estamos constipados se deite con nós para darnos máis calor e facernos suar; nin que nos mate vostede a bicos cando imos saír de viaxe. Non está ben tampouco que, cando un hóspede estea desvelado, vostede entre na alcoba coa gaita e toque ata conseguir que quede durmido.... É demasiada bondade!... Abusan de vostede, dona Rosario!!..

**DONA ROSARIO.**- Pobres... Déixeos... Case todos os que veñen aquí son viaxantes, empregados temporais, artistas... Moito homes solitarios... Homes sen pai, sen nai... E eu quero ser unha nai para todos eles, xa que non o puiden ser para o meu pobre neno... Xa sabe... Aquele fillo meu que afogou nun pozo!.. *(Emociónase. A sobriña achégase a ela e intenta consolala.)*

**DIONISIO.**- Vamos, dona Rosario... Non pense vostede niso...

**A SOBRIÑA.**- Vostede xa coñece a historia daquel pobre primo meu que afogou nun pozo...

**DIONISIO.**- Si. Xa coñezo a historia. O fillo de dona Rosario asomouse ao pozo para coller unha ra... O neno caeu. Fixo “pin!”, e acabou todo.

**DONA ROSARIO.**- Esa é a historia, don Dionisio. Fixo “pin!” e acabou todo. *(Pausa dolorosa.)* Vostede vaise deitar xa?

**DIONISIO.**- Si, señora.

**DONA ROSARIO.**- Vouno axudar, parruliño. *(E, mentres falan, axúdao a espiarse, ponlle o bonito pixama negro e cambia os seu zapatos por unhas zapatillas. Dionisio séntese incómodo ante a presenza da nena, pero son os costumes tradicionais de dona Rosario.)* A todos os meus hóspedes queroos moito, e a vostede tamén, don Dionisio. Resultoume simpático dende o primeiro día que veu aquí, xa vai para sete anos!...

**DIONISIO.**- Sete anos, dona Rosario! Sete anos! E desde que me destinaron a ese pobo melancólico e chorón, que, por sorte, está moi preto deste, a miña única alegría foi pasar aquí un mes todos os anos, e ver á miña noiva, e dar voltas con ela os domingos arredor do quiosco da música, e comer xuntos castañas na alameda,...

**DONA ROSARIO.**- Pero mañá empeza para vostede unha vida nova!

**DIONISIO.**- Dende mañá xa todos os anos van ser veráns para min!... Que é iso? Chora vostede? Veña, dona Rosario!

**DONA ROSARIO.**- Pensar que os seus pais, que en paz descansan, non poidan acompañalo nunha noite como esta... Eles serían moi felices!

**DIONISIO.**- Si. Eles serían felices vendo que eu o era... Pero deixémonos de tristezas, dona Rosario... Mañá caso! Esta é a última noite que eu pasarei só nun cuarto de hotel. Acabáronse as casas de hóspedes, as habitacións frías,... Mañá caso!! Todo isto remata e empeza ela... Ela!!

**SOBRIÑA.**- Quérea vostede moito?

*(Dona Rosario e a Sobriña adoptan unha actitude emocionada e sensibleira.)*

**DIONISIO.**- Eu adoro a esa muller, dona Rosario, adóroa.

**SOBRIÑA.**- ¿É a primeira noiva?

**DIONISIO.**- Si. É a primeira noiva que tiven e tamén a última... Ela é unha santa...

**DONA ROSARIO.**- Vostede estaría na súa casa, todo o día...

**DIONISIO.**- Si. Cheguei esta mañá, mandei aquí a equipaxe e comín con eles e tamén ceei. Os seus pais quérenme moito... Son moi bos...

**SOBRIÑA.**- ¿E a súa noiva é unha muller virtuosa?

**DONA ROSARIO.**- Que preguntas, rapariga!! Claro que a súa noiva é unha muller virtuosa... E, a pesar de ser dunha familia con moitos cartos, non é nada orgullosa... *(Mordaz.)* Porque ela ten moitos cartos, don Dionisio.

**DIONISIO.**- Si. Ela ten os seus cartiños, e sabe facer uns labores moi lindos e unhas fermosas tartas de mazá... Ela é un anxo!

**SOBRIÑA.**- *(Por unha das sombrereiras.)* E que leva aquí vostede, don Dionisio?

**DIONISIO.**- Un sombreiro de copa. Para a voda. *(Abre e saca un sombreiro.)* Este regaloumo o meu sogro hoxe. É seu. Di que de cando era o alcalde. Eu teño aí outros dous que merquei. *(Sácaos.)* Míreos vostede. Son moi bonitos. Sobre todo, vese en seguida que son de copa, que é o que fai falla... *(Vainos probando diante do espello)* Fíxese. Este quedame pequeno... Este faime a cabeza moi grande... E este di a miña moza que me fai a cara de píntega... Por certo... *(A dona Rosario.)* que, con este motivo, deixei enfadada... É tan inocente... ¿O teléfono funciona? Vou ver se lle pasou o enfado... Levará unha alegría...

*(O último sombreiro de copa quedoulle posto na cabeza e, con el, seguirá falando ata que se indique)*

**DONA ROSARIO.**- Chame vostede abaixo e o ordenanza porao en comunicación coa rúa...

**DIONISIO.**- Si, señora *(Ao aparato)* Si. Fágame vostede o favor, ¿coa rúa? Si. Grazas.

**DONA ROSARIO.**- Ao mellor xa se deitaron. É tarde.

**DIONISIO.**- Non creo. Aínda non son as once. Ela dorme xunto a habitación onde está o teléfono... Xa está *(Marca)* Un-nove-catro. Iso é. Ola. Son eu. O señorito Dionisio. Que se poña o aparato a señora Margarita. *(A DONA ROSARIO)* É a criada... Xa ven ela... *(Ao aparato)* Bichiño meu! Son eu. Chámote dende o hotel... Teño teléfono no meu mesmo cuarto... Si, miña flor... Non... Nada... Para que vexas que me lembro de ti... Oe, creo vou levar o sombreiro que me fai a cara de píntega... ¡Foi unha broma!... Eu non fago máis do que ti mandes... Si, meu amor... *(Pausa)* Si, meu amor... *(De repente encolle unha perna, tapa coa man o micrófono e da un pequeno grito.)* Dona Rosario... ¿Nesta habitación hai pulgas?

**DONA ROSARIO.**- Non sei, meu fillo...

**DIONISIO.**- *(Ao aparato)* Si, meu amor... *(Volve a tapar o micrófono)* ¿Seu pai, cando morreu no lle dixo nada de que nesta habitación houbesen pulgas? *(Ao aparato)* Si, meu amor...

**DONA ROSARIO.**- A verdade, creo que me dixo que había unha...

**DIONISIO.**- *(Que segue rascándose o papo dunha perna contra a outra, desesperado)* Pois estame a devorar o papo da perna... Faga o favor, dona Rosario; rásqueme

vostede... *(Dona Rosario lle rasca)* ¡Non! Mais abaixo. *(Ao aparato)* Si, meu amor... *(Tapa)* ¡Mais arriba! Espere... Teña isto.

*(Dalle o auricular a Dona Rosario, que o pon no oído, mentres Dionisio busca a pulga, moi nervioso)*

**DONA ROSARIO.-** *(Escoita polo aparato, onde se supón que a moza segue falando, e toma unha expresión docísima)* Si, meu amor... *(Moi tenra)*

**DIONISIO.-** *(Que ao fin, matou a pulga)* Xa está. Deme...*(Dona Rosario dálle o auricular.)* Si... Eu tamén durmirei co teu retrato debaixo da almofada... Se te desvelas, chámame ti despois. *(Rascándose de novo)* Adeus meu bichiño. *(Colga)* ¡É un anxo!!

**DONA ROSARIO.-** Se quere vostede, direi abaixo que o deixen en comunicación coa rúa e falan vostedes todo o que queiran...

**DIONISIO.-** Si, dona Rosario. Moitas grazas. Quizais falemos mais...

**DONA ROSARIO.-** ¿A que hora é a voda, Don Dionisio?

**DIONISIO.-** Ás oito. Pero virán a recollerme antes. Que me chamen ás sete, por se acaso se me fai tarde. Vou de “chaquet”, e é moi difícil ir de “chaquet”... E logo eses tres sombreiros de copa...

**DONA ROSARIO.-** ¡Déixeme que lle dea un bico, parruliño meu! É o bico que lle daría a súa nai nunha noite coma esta. É o bico que eu nunca poderei dar a aquel fillo meu que me caeu nun pozo...

**DIONISIO.-** Vamos dona Rosario...*(Abrázanse emocionados)*

**DONA ROSARIO.-** Ben, marchó. Vostede quererá descansar... ¿Quere vostede que lle traia un vasiño de leite?

**DIONISIO.-** Non señora. Moitas grazas.

**DONA ROSARIO.-** Quere vostede que lle traia un pouco polbo a feira?

**DIONISIO.-** Non.

**DONA ROSARIO.-** Quere vostede que me quede aquí, ata que durma, para que non se poña nervioso? Eu collo a gaita e toco... Toco un par de pezas... E vostede durme e soña...

**DIONISIO.-** Non dona Rosario. Moitas grazas.

**DONA ROSARIO.-** Mañá levantareime cedo para poder despedilo. Todos nos levantaremos moi cedo...

**DIONISIO.-** Non, por favor, dona Rosario. Eso si que non. Non diga vostede a ninguén que vou casar. Dáme moita vergoña...

**DONA ROSARIO.-** *(Xunto a porta do foro, preparada para saír coa sobriña.)* Ben. Entón se vostede non quere, non o despediremos todos na porta... Pero sería tan bonito... En fin... Aí queda vostede só. Pense vostede que mañá terá que facer feliz a unha virtuosa señorita... Só debe pensar nela...

**DIONISIO.-** *(Saca do peto dunha americana unha carteira, e colle unha foto, que contempla extasiado; mete a foto e a carteira debaixo da almofada e di, moi romántico...)* ¡Só penso nela dende hai sete anos! ¡Noite e día! ¡A todas horas...! Nas horas que me faltan para ser feliz, ¿en quen ía pensar? Ata mañá, dona Rosario...e compañía...

**DONA ROSARIO.-** Ata mañá, meu parruliño.

*(Dona ROSARIO e a SOBRINA fan unha reverencia. Saen. DIONISIO pecha as maletas, mentres asubía unha fea canción xa pasada de moda. Logo, déitase na cama, sen quitar o sombreiro. Mira o reloxo.)*

**DIONISIO.-** As once e cuarto. Quedan nove horas... *(dálle corda ao reloxo.)* Tiñamos que casar pola tarde e xa estaríamos xuntos agora pola noite... Esta noite separados sobra... É unha noite valeira... *(Pecha os ollos.)* ¡Nena!, ¡Nena!, ¡Margarida! *(pausa. Logo duns segundos óese na habitación contigua, a esquerda, un portazo e o rumor dunha conversa que pouco a pouco vai cobrando intensidade. DIONISIO érguese.)* ¡Vaia, unha discusión agora! ¡Que horas para rifar! *(A súa vista tropeza co espello, onde se mira co sombreiro de copa aínda na cabeza; senta na cama e di...)* Si. Agora parece que me fai unha cara de apisoadora...

*(Érguese. Vai cara a mesiña onde colocou os outros sombreiros e novamente, próbaos. Nun momento dado, cando ten un sombreiro na cabeza e os outros dous na man, ábrese rapidamente a porta da esquerda e entra PAULA, unha moza maravillosa que, sen reparar en Dionisio, volve a pechar, e de cara á porta fala con quen se supón quedou dentro. Dionisio, nervioso, mantén a súa actitude.)*

**PAULA.-** ¡Idiota!

**BUBY.-** *(Dentro)* ¡Abre!

**PAULA.-** ¡Non!

**BUBY.-** ¡Abre!

**PAULA.-** ¡Non!

**BUBY.-** ¡Que abras!

**PAULA.-** ¡Que non!

**BUBY.-** *(Todo moi rápido.)* ¡Imbécil!

**PAULA.-** ¡Necio!

**BUBY.-** ¡Estúpida!

**PAULA.-** ¡Cretino!

**BUBY.-** ¡Abre!

**PAULA.-** ¡Non!

**BUBY.-** ¡Que abras!

**PAULA.-** ¡Que non!

**BUBY.-** ¿Non?

**PAULA.-** ¡Non!

**BUBY.-** Está ben.

**PAULA.-** Pois si, está ben. *(E vólvese. Entón ve a Dionisio.)* ¡Oh, perdoe!... Pensei que non había ninguén...

**DIONISIO.-** *(Coa súa pose fronte ao espello.)* Si...

**PAULA.-** Apoieime na porta e abriu... Tiña que estar mal pechada... Xa sabe, sen chave...

**DIONISIO.-** *(Moi turbado.)* Si...

**PAULA.-** Por iso entrei...

**DIONISIO.**- Si...

**PAULA.**- Eu non sabía....

**DIONISIO.**- Non...

**PAULA.**- Estaba rifando co meu noivo...

**DIONISIO.**- Si...

**PAULA.**- ¿Molestáronlle os nosos berros e insultos?

**DIONISIO.**- Non...

**PAULA.**- É un idiota...

**BUBY.**- (*Dentro*) Abre!

**PAULA.**- Non. (*A Dionisio*) É moi feo e moi tonto... Eu non o quero...Estouno facendo rabiarse... Divírteme moito facelo rabiarse... Que amole aí dentro. (*Para a porta.*) Anda, anda amólate...

**BUBY.**- (*Golpeando.*) Abre!

**PAULA.**- (*O mesmo xogo.*) Non!...Claro que, agora que me fixo, asalteino a vostede na habitación. Síntoo. Voume. Adeus.

**DIONISIO.**- (*Volvéndose e quedando xa fronte a ela.*) Adeus, boas noites.

**PAULA.**- (*Ao notar a súa estraña actitude cos sombreiros, que lle fan semellar un malabarista.*) É vostede tamén artista?

**DIONISIO.**- Moito.

**PAULA.**- ¿Coma nós? Eu son bailarina. Traballo no ballet de Buby Barton. Debutamos mañá no Novo Music-Hall. Acaso vostede tamén debuta mañá no Novo Music-Hall? Aínda non vin os programas. ¿Como se chama vostede?

**DIONISIO.**- Dionisio Somoza Buscarini.

**PAULA.**- Non, digo o seu nome no teatro.

**DIONISIO.**- ¡Ah! ¡O meu nome no teatro! ¡Pois coma todo o mundo!...

**PAULA.**- ¿Como?

**DIONISIO.**- Antonini...

**PAULA.**- Antonini?

**DIONISIO.**- Si. Antonini. É moi fácil. Antonini, con dous enes.

**PAULA.**- Non o recordo. Fai vostede malabares?

**DIONISIO.**- Si. Claro. Fago malabares.

**BUBY.**- (*Dentro*) Abre!

**PAULA.**- Non! (*Diríxese a Dionisio*) ¿Ensaíaba vostede?

**DIONISIO.**- Si. Ensaíaba.

**PAULA.**- ¿Fai vostede só o número?

**DIONISIO.**- Si. Claro. Fago eu só o número. Coma os meus pais morreron, pois, claro...

**PAULA.**- ¿Os teus pais tamén foran artistas?

**DIONISIO.**- Si. Claro. O meu pai era comandante de Infantería. Digo, non.



**PAULA.**- Era militar?

**DIONISIO.**- Si. Era militar. Pero cando se aburría, soamente. O que máis graza lle facía era tragar o sabre. Gustáballe moito tragar o seu sabre. Pois, claro, iso gústalles a todos...

**PAULA.**- É verdade... Iso gústalle a todos... Entón, ¿toda a súa familia foron artistas de circo?

**DIONISIO.**- Si. Todos. Agás a avoa. Como estaba tan vella, non servía. Caía sempre do cabalo... E todo o día pasábano os dous discutindo...

**PAULA.**- ¿O cabalo e a avoa?

**DIONISIO.**- Si. Os dous tiñan un xenio terrible... Pero o cabalo dicía moitas máis picardías...

**PAULA.**- Nós somos cinco. Cinco girls. Vamos con Buby Barton fai xa un ano. E tamén connosco vén Madame Olga, a muller das barbas. O seu número gusta moito. Chegamos esta tarde para debutar mañá. Os demais, despois de cear, quedaron no café de embaixo... Esta poboación é tan triste... Non hai onde ir e sempre chove... E a min o plan do café abúrreme... Eu non son unha moza coma as demais... E subín ao meu cuarto a tocar un pouco o meu gramófono... Eu adoro a música dos gramófono... Pero detrás subiu o meu noivo, cunha botella de licor, e quíxome facer beber, porque el sempre bebe... E enfadeime por iso... e por outra cousa, ¿sabe? Non me gusta que el beba tanto...

**BUBY.**- (*Dentro*) Abre!

**PAULA.**- Non, eu non lle abro. Agora voume sentar, para que se fastidie. (*Séntase na cama.*) ¿Non o molestarei?

**DIONISIO.**- Eu creo que non.

**PAULA.**- Agora que sei que é vostede un compañeiro, xa non me importa estar aquí... (*Buby golpea a porta*) Debe estar furioso... Debe estar cego de furor...

**DIONISIO.**- (*Miedoso.*) Eu creo que lle deberíamos abrir, oia...

**PAULA.**- Non. Non lle abrimos.

**DIONISIO.**- Vale... ¿Fai moito tempo que vostedes son noivos?

**PAULA.**- Non. Non o sei. Dous días. Dous días ou tres. A min non me gusta. Pero abúrrese unha tanto nestes viaxes por provincias... O caso que é sempre simpático, pero cando bebe ou cando se enfada ponse coma unha fera... Da medo velo...

**DIONISIO.**- (*Moi asustado*) Voulle abrir, oia...

**PAULA.**- Non. Non lle abrimos.

**DIONISIO.**- É que despois vai estar moi enfadado e vaina tomar comigo...

**PAULA.**- Que o faga. Non me importa...

**BUBY.**- (*Dentro, xa desesperado.*) Abre, abre e abre!

**PAULA.**- Voulle abrir xa. Está demasiado enfadado.

**DIONISIO.**- (*Aínda máis asustado.*) Oia. Eu penso que non lle debería vostede abrir...

**PAULA.**- Si. Voulle abrir. (*Abre a porta e entra Buby, con un ukelele na man.*) Xa está! ¿Que hai? Que pasa? ¿Que queres?

**BUBY.**- Boas noites.

**DIONISIO.**- Boas noites.

**PAULA.**- (*Presentando.*) Este señor é malabarista.

**BUBY.**- ¡Ah! ¡É malabarista!

**PAULA.**- Debuta tamén mañá no Novo Music-Hall... O seu pai tragaba o sabre...

**DIONISIO.**- Desculpe que non lle dea a mán...(*Polos sombreiros, cós que segue na mesma actitude.*) Como teño isto..., pois non podó.

**BUBY.**- (*Displicente*) Un compañeiro! ¡Entra dentro, Paula!...

**PAULA.**- ¡Non entro, Buby!

**BUBY.**- ¿Non entras, Paula?

**PAULA.**- Non entro, Buby.

**BUBY.**- Pois eu tampouco entro, Paula.

(*Séntanse na cama, un a cada lado de Dionisio, que tamén se senta e que cada vez está máis turbado. Buby empeza a silbar unha canción americana, acompañándose co seu ukelele. Paula ségueo. E tamén Dionisio. Rematan a peza. Pausa.*)

**DIONISIO.**- (*Para romper, galante, o violento silencio.*) ¿E fai moito tempo que é vostede torto? (*BUBY leva un parche nun ollo.*)

**BUBY.**- Non sei. Eu sempre me vin...

**DIONISIO.**- Vaia! Cando vén unha desgraza nunca vén soa! ¿E de que se quedou vostede así? ¿Dalgunha caída?

**BUBY.**- Debeu de ser iso, señor...

**DIONISIO.**- ¿Dunha bicicleta?

**BUBY.**- Diso, señor...

**DIONISIO.**- Como que aos nenos non se lles debe comprar bicicletas! ¿Verdade señorita? Un señor que eu coñecía...

**PAULA.**- (*Que, distraída, non fai caso a este diálogo.*) Este cuarto é mellor co meu...

**DIONISIO.**- Si. É mellor. Se vostede quere cambiámolo. Eu voume ao seu e vostedes quedan aquí. A min non me costa traballo... Eu recollo os meus catro trapiños...Ademais de ser máis grande ten unha vista fantástica. Dende o balcón vese o mar...E no mar, tres luciñas... O chan tamén é moi mono... ¿Queren vostedes mirar debaixo da cama?

**BUBY.**- (*Seco.*) Non.

**DIONISIO.**- Anden. Miren debaixo da cama. Ao mellor, encontran outra bota... Debe haber moitas...

**PAULA.**- (*Que segue distraída e sen facer moito caso do que di Dionisio, sempre turbadísimo.*) Faga vostede algún exercicio cos sombreiros. Así nos distraerémonos. A min encántame os malabares...

**DIONISIO.**- A min tamén. É admirable iso de tirar as cousas ao aire e logo recollelas...Parece que van caer e logo resulta que non caen...Levas cada chasco!

**PAULA.**- Ande. Xogue vostede.

**DIONISIO.**- (*Moi estrañado.*) ¿Eu?

**PAULA.**- Si. Vostede.

**DIONISIO.**– *(Xogando o todo polo todo.)* Vou. *(Levántase. Tira os sombreiros ao aire e, naturalmente, caen ao chan, onde os deixa. E volve sentar.)* Xa está.

**PAULA.**– *(Aplaudindo.)* Oh! Que ben! Déixeme probar a min. Nunca probei. *(Colle os sombreiros do chan.)* ¿É difícil? ¿Faise así? *(Tíraos ao aire.)* Hop! *(E caen.)*

**DIONISIO.**– Iso! Iso! Aprendeu vostede en seguida! *(Recolle do chan os sombreiros e ofrécellos a BUBY.)* ¿E vostede? ¿Quere xogar tamén un pouco?

**BUBY.**– Non. *(E soa o timbre do teléfono.)* ¿Un timbre?

**PAULA.**– Si. É un timbre.

**DIONISIO.**– *(Desconcertado.)* Debe de ser visita.

**PAULA.**– Non. É aquí dentro. É o teléfono.

**DIONISIO.**– *(Disimulando, porque sabe que é a súa moza.)* ¿O teléfono?

**PAULA.**– Si.

**DIONISIO.**– Que raro! Debe de ser algún neno que está xogando, e por iso soa...

**PAULA.**– Mire vostede quen é.

**DIONISIO.**– Non. Fagámolo rabear.

**PAULA.**– ¿Quere vostede que mire eu?

**DIONISIO.**– Non. Non se moleste. Vereino eu. *(Mira polo auricular.)* Non se ve a ninguén.

**PAULA.**– Fale vostede.

**DIONISIO.**– Ah! É certo! *(Fala, finxindo a voz.)* Non! Non! *(E colga.)*

**PAULA.**– Quen era ?

**DIONISIO.**– Ninguén. Era un pobre.

**PAULA.**– ¿Un pobre?

**DIONISIO.**– Si. Exactamente unha muller pobre. Quería que lle dese dez céntimos. E díxenlle que non.

**BUBY.**– *(Levántase xa indignado.)* Paula, vamos ao noso cuarto.

**PAULA.**– ¿Por que?

**BUBY.**– Porque quero eu.

**PAULA.**– *(Descarada.)* ¿E quen es ti?

**BUBY.**– Son quen ten dereito a dicirche iso. Entra dentro xa dunha vez. Isto rematou. Isto non pode seguir así máis tempo...

**PAULA.**– *(En pé, declamando, fronte a BUBY, e collendo en medio a DIONISIO, que xa está moi molesto.)* E é verdade! Xa estou farta de aguantarche groserías... Es un chosco insoportable, como todos os tortos. E aborrézote... E isto rematou... Non te podo ver... Non te podo aguantar...

**BUBY.**– Eu, en cambio, adórote, Paula... Ti sabes que te adoro e que comigo non vas xogar... Ti sabes que te quero, miña nena!

**PAULA.**– ¿E que? ¿Ti cres que podo namorarme de ti? Non, Buby. Non poderei namorarme de ti nunca... Fomos noivos algún tempo. Xa é bastante. Fun noiva túa por lástima... Porque te vía triste e aburrido... Porque eras torto... Porque cantabas esas tristes cancións... Pero nunca te quixen, nin nunca te poderei querer... Debes

comprendelo... Quererte a ti! Para iso querería a este cabaleiro, que é máis guapo...  
A este cabaleiro, que é unha persoa educada... A este cabaleiro, que non é torto...

**BUBY.**– *(Con odio.)* Paula!

**PAULA.**– *(A DIONISIO.)* ¿Verdade que dun torto non se pode namorar ninguén?

**DIONISIO.**– Se é honrado e traballador...

**BUBY.**– Entra dentro!

**PAULA.**– Non entro! *(Senta.)* Non entro. ¿Sabes? Non entro!

**BUBY.**– *(Senta tamén.)* Esperarei a que te canses de falar coa “persoa educada”...  
*(Nova pausa violenta.)*

**FANNY.**– *(Dentro.)* Paula! ¿Onde andades? *(Asómase pola porta da esquerda.)* ¿Que facedes aquí? *(Entra. É outra alegre moza do ballet.)* ¿Que vos pasa? *(E ninguén fala.)* Pero, ¿que tedes? ¿Que vos sucede? ¿Xa discutistes outra vez? Pois si que o estades pasando ben... En cambio, nós estamos divertidísimas... Hai uns señores aí abaixo, no café, que nos queren invitar agora a unhas botellas de champaña... As demais quedaron abaixo con eles e con madame Olga, e agora subirán e cantaremos e bailaremos ata a madrugada... ¿Non falades? Pois si que andades aviados... *(Por DIONISIO.)* ¿Quen é este señor? ¿Non oídes? ¿Quen é este señor?

**PAULA.**– Non sei.

**FANNY.**– ¿Non sabes?

**PAULA.**– *(A DIONISIO.)* Dígalle vostede quen é!

**DIONISIO.**– *(Levantándose.)* Eu son Antonini...

**FANNY.**– ¿Como está vostede?

**DIONISIO.**– Ben. ¿E vostede?

**PAULA.**– É malabarista. Debuta tamén mañá no Novo Music Hall.

**FANNY.**– Ben... pero a vós, ¿que vos pasa?

**PAULA.**– Non nos pasa nada.

**FANNY.**– Veña. Dícidemo. ¿Que vos pasa?

**PAULA.**– Que cho explique este señor.

**FANNY.**– Explíqueme vostede...

**DIONISIO.**– Se eu vouno contar moi mal...

**FANNY.**– Non importa...

**DIONISIO.**– Pois nada... É que están un pouco amoladiños... Pero non é nada. É que este torto é un idiota...

**BUBY.**– *(Ameazador.)* Petate!

**DIONISIO.**– Non. Perdoe vostede. Se é que me equivoquei... Non é vostede idiota... É que, como é torto, pois ten o seu xenio... Pero o pobre non ten culpa... ¿El, que lle vai facer, se caeu dunha bicicleta? Peor sería que quedara manquiño... E a señorita esta díxollo... e, ben!, púxose que xa, xa...

**FANNY.**– Total, que sempre andades nas mesmas... Ti es parva, Paula.

**PAULA.**– *(Levántase, descarada.)* Pois se son parva, mellor! *(E fai mutis pola esquerda.)*

**FANNY.**— A culpa tela ti, Buby, por ser tan basto...

**BUBY.**— *(O mesmo xogo.)* Pois se son groseiro, mellor! *(E tamén marcha pola esquerda.)*

**FANNY.**— *(Cambia de idea, senta na cama. Diríxese a Dionisio.)* Sente aquí.

**DIONISIO.**— *(Senta á súa beira, na cama.)* Grazas.

**FANNY.**— ¿Que lle parecen a vostede estes dous?

**DIONISIO.**— Que son moi guapos.

**FANNY.**— ¿Verdade, vostede, que si, Tonini? *(E, cariñosamente, empúrrao para atrás. DIONISIO cae de costas sobre a cama, coas pernas en alto. A cousa moléstalle un pouco, pero non di nada. E volve a sentarse.)* Ela non o quere... Pero el si... El quérea á súa maneira, e os choscos queren dunha maneira moi pasional... Buby quérea... E con Buby non se pode andar a xogar, porque, cando bebe, é malo... Paula fixo moi mal meténdose nisto... *(Fíxase nun pano de man que leva DIONISIO no peto alto do pixama.)* É bonito este pano. *(Cólleo.)* ¿Para min, verdade?

**DIONISIO.**— ¿Está vostede acatarrada?

**FANNY.**— Non. É que me gusta! *(E dálle outro empurrón, caendo DIONISIO na mesma ridícula postura. Esta vez a broma moléstalle máis, pero tampouco di nada.)* Paula non é coma min... Eu son moito máis divertida... Se me gusta un home, dígollo... Cando me deixa de gustar, dígollo tamén... Eu son máis fresca, fillo! Ai, que requetefresca que son! Sempre fun moi fresquiña! *(Mira os ollos de DIONISIO fixamente.)* Oes, tes uns ollos moi bonitos...

**DIONISIO.**— *(Sempre despistado.)* ¿Onde?

**FANNY.**— Na túa cariña, parvo!

*(E dálle outro empurrón. DIONISIO, esta vez, reacciona, rabioso como un neno, e di xa, medio chorando.)*

**DIONISIO.**— ¡Como me volva vostede a dar outro empurrón, maldita sexa, voulle a dar a vostede unha labazada, maldita sexa, que se vai vostede a acordar de min, maldita sexa!

**FANNY.**— ¡Ai, fillo! ¡Que xenio! ¿E debuta vostede tamén mañá, connosco?

**DIONISIO.**— *(Enfadado.)* Si.

**FANNY.**— ¿E que fai vostede?

**DIONISIO.**— Nada.

**FANNY.**— ¿Nada?

**DIONISIO.**— Moi pouquiño... Como empezo agora, pois claro..., ¿que vou facer?

**FANNY.**— Pero algo fará vostede... Dígamo...

**DIONISIO.**— Pero se é unha bobada... Verá vostede... Pois, primeiro, vai e toca a música un ratiño... Así... ¡Parapapá, parapá, parapá! ... E entón, entón, vou eu, e saio... E cala a música... *(Xa todo moi rápido e facéndose unha lea.)* E xa non fai parapapá nin nada... E vou eu, vou eu, e saio e fago ¡hoop! ... E fago ¡hoop! ... E deseguido me vou, vou, e métome dentro... E xa se termina...

**FANNY.**— ¿E gusta o seu número?

**DIONISIO.**— ¡Ah! Iso eu non o sei...

**FANNY.**- ¿Pero lle aplauden?

**DIONISIO.**- Moi pouco. Case nada... Como está todo tan claro...

**FANNY.**- Iso é verdade... *(Soa o timbre do teléfono.)* ¿Un timbre? ¿O teléfono?

**DIONISIO.**- Si. É unha pobre...

**FANNY.**- ¿Unha pobre? ¿E como se chama?...

**DIONISIO.**- Nada. Os pobres non se chaman nada...

**FANNY.**- Pero, ¿e que quere?

**DIONISIO.**- Quere que eu lle dea pan. Pero eu non teño pan, e por iso non podo darllo... ¿Vostede ten pan?

**FANNY.**- Vou ver... *(Mira no seu bolso.)* Non. Hoxe non teño pan.

**DIONISIO.**- Pois entón, ¡anda e que se amole!

**FANNY.**- ¿Quere vostede que lle diga que Deus o ampare?

**DIONISIO.**- Non. Non se moleste. Eu direillo. *(Con voz forte, desde a cama.)* ¡Que Deus te ampare!

**FANNY.**- ¿Oíulle?

**DIONISIO.**- Si. Os pobres óeno todo.

*(E pola porta da esquerda, de rúa, e con paquetes e botellas, entran TRUDY, CARMELA e SACRA, que son tres alegres e alouçadas «girls» do «ballet» de BUBY BARTOLA.)*

**SAGRA.**- *(Aínda dentro.)* ¡Fanny! ¡Fanny!

**CARMELA.**- *(Xa entrando coas outras.)* ¡Xa estamos aquí!

**TRUDY.**- ¡E traemos pasteis!

**SACRA.**- ¡E xamón!

**CARMELA.**- ¡E viño!

**TRUDY.**- ¡E ata unha torta con biscuit!

**As TRES.**- ¡Laralí! ¡Laralí!

**SAGRA.**- ¡O señor do café convidounos! ...

*(Empezan a deixar os paquetes e os abrigos encima do sofá.)*

**CARMELA.**- ¡E pasaremos o intre reunidos aquí!

**TRUDY.**- ¡Encargou ostras! ...

**SAGRA.**- ¡...E champaña do caro! ...

**CARMELA.**- ...E ata se namorou de min...

**As TRES.**- ¡Laralí! ¡Laralí!

**TRUDY.**- *(Indicando a habitación da esquerda.)* ¡Nese cuarto deixamos máis cousas!

**SAGRA.**- ¡Todo preparáremolo aí!

**CARMELA.**- ¡Toma estes paquetes! *(Dálle uns paquetes.)*

**TRUDY.**- ¡Axúdanos! ¡Anda!

**FANNY.**- *(Alegre, cos paquetes, facendo mutis pola esquerda.)* ¿Divertirémonos?

**SAGRA.-** ¡Divertirémonos!

**CARMELA.-** ¡Verás como si!

**As TRES.-** ¡Laralí! ¡Laralí!

**TRUDY.-** *(Fixándose nos sombreiros de copa, que DIONISIO deixou na mesiña.)*  
¡Mirade que sombreiros!

**SAGRA.-** ¡Son deste señor!

**CARMELA.-** ¡É o malabarista que Paula nos dixo!

**TRUDY.-** *(Tirándoos ao alto.)* ¡Arriba! ¡Alehopp!

**CARMELA.-** ¡Hoop!

*(Os sombreiros cáense ao chan e as tres mozas idiotas, ríndose sempre, vanse pola porta da esquerda. DIONISIO, que con todas estas cousas está moi triste, aproveita que quedou só e, moi amodo, vai e pecha a porta que as mozas deixaron aberta. Despois vai recoller os sombreiros, que están no chan. Cáenselle e, para maior comodidade, ponse un na cabeza. Nese momento dan uns golpeciños na porta do foro.)*

**DONA ROSARIO.-** *(Dentro.)* ¡Don Dionisio! ¡Don Dionisio!

**DIONISIO.-** *(Pon precipitadamente os dous sombreiros na mesiña.)* ¿Quen?

**DONA ROSARIO.-** Son eu; dona Rosario.

**DIONISIO.-** ¡Ah! ¡É vostede!

*(E déitase, moi de présa, meténdose entre sabas e conservando o seu sombreiro posto.)*

**DONA ROSARIO.-** *(Entrando coa gaita.)* ¿Non dorme vostede? Figureime que os seus veciños de cuarto non lle deixarían durmir. Son moi malos e revólveno todo...

**DIONISIO.-** Non oín nada... Todo está moi tranquilo...

**DONA ROSARIO.-** Con todo, eu, desde abaixo, oio as súas voces... E vostede necesita durmir. Mañá casa, mañá ten vostede que facer feliz a unha virtuosa señorita... Eu vou tocar unhas pezas coa miña gaita e vostede durmirase...

*(E, en pé, fronte á cama, de cara a DIONISIO e de costas ao público, toca, ensemesmada na súa arte. A pouco, FANNY abre a porta da esquerda e entra dereita a recoller uns paquetes do sofá. Cruza a escena polo primeiro termo, ou sexa, por detrás de DONA ROSARIO, que non a ve. Colle os paquetes e dá a volta para irse polo mesmo camiño. Pero, nisto, fíxase en DONA ROSARIO e pregúntalle a DIONISIO, que lle está mirando.)*

**FANNY.-** ¿Quen é?

**DIONISIO.-** *(Moi baixiño, para que non lle oia DONA ROSARIO.)* É a muller pobre...

**FANNY.-** ¿Que pesada, verdade?

**DIONISIO.-** Si. É moi pesada...

**FANNY.-** Ata logo. *(E fai mutis pola esquerda.)*

**DIONISIO.-** Adeus.

*(Ao pouco tempo, entra e cruza a escena, do mesmo xeito que FANNY, e co mesmo obxecto, O ODIOSO SEÑOR, que leva posto un sombrero pequeno. Cando xa colleu un paquete e vai marchar, ve a DIONISIO e saúdao, moi fino, quitándo o sombreiro.)*

**O ODIOSO SEÑOR.**- ¡Adeus!

**DIONISIO.**- *(Quitando tamén o sombreiro para saudar.)* Adeus. Boas noites.

*(Fai mutis O ODIOSO SEÑOR. De seguido entra e fai o mesmo xogo MADAME OLGA, a muller das barbas.)*

**MADAME OLGA.**- *(Ao irse, moi cariñosa, a DIONISIO.)* Eu son Madame Olga...

**DIONISIO.**- ¡ Ah!

**MADAME OLGA.**- Xa sei que é vostede artista...

**DIONISIO.**- Si...

**MADAME OLGA.**- Vaia, pois me alegre...

**DIONISIO.**- Moitas grazas...

**MADAME OLGA.**- Ata outro ratito...

**DIONISIO.**- Adeus...

*(MADAME OLGA fai mutis e pecha a porta. DIONISIO pecha os ollos, facéndose o durmido. DONA ROSARIO termina neste momento a súa peza e deixa de tocar. E mira a DIONISIO.)*

**DONA ROSARIO.**- Durmiuse... É un anxo... O soñará con ela... Apagarei a luz... *(Apaga a luz do centro e acende o enchufe da mesiña de noite. Despois achégase a DIONISIO e dálle un bico na fronte.)* ¡Durme como un paxariño! *(E, moi amodo, vaise pola porta do foro. Pero agora soa o timbre do teléfono. DIONISIO levántase correndo e vai cara a el.)*

**DIONISIO.**- ¡É Margarita! ...

*(Pero a porta da esquerda ábrese novamente e PAULA asoma. DIONISIO xa abandona a súa ida ao teléfono.)*

**PAULA.**- ¿Non entra vostede?

**DIONISIO.**- Non.

**PAULA.**- Entre vostede. Mire que o invitamos. Distraerase...

**DIONISIO.**- Teño sono... Non...

**PAULA.**- De todos modos, non o vamos a deixar durmir...

**DIONISIO.**- Estou canso...

**PAULA.**- Entre vostede... Pídlollo eu... Sea vostede simpático... Está aí Buby, e moléstame Buby. Se entra vostede xa é distinto... Estando con vostede eu estarei contenta... Eu estarei contenta con vostede!... ¿Quere pasar?

**DIONISIO.**- *(Sempre o mesmo mozo sen vontade.)* Veña.

*(E vai cara a porta. Entran os dous. Pechan. E o timbre do teléfono sigue soando uns momentos, inutilmente.)*

.....ESCURO – TRANSICIÓN.....



## ACTO SEGUNDO

*A mesma decoración, pasou o tempo e hai un raro ambiente de festa. A porta da esquerda está aberta e dentro soa a música. Os personaxes entran e saen familiarmente por esta porta, pois suponse que a cuchipanda se desenvolve, xenerosamente, entre os dous cuartos. A escena está desordenada. Quizais haxa papeis polo chan. Quizais haxa botellas de licor. Hai moitos personaxes en escena. Bailan uns con outros. É, en fin, un coro absurdo e extraordinario que ambientará a escena, xa que irán desaparecendo, aos poucos, pola porta da esquerda. BUBY, botado na cama, amorna monótonamente a súa ukelele. O ODIOSO SEÑOR, apoiado no couzón da porta esquerda, mira a PAULA con voluptuosidade. PAULA baila con DIONISIO. FANNY, co ANCIÁN MILITAR, completamente calvo e con todo o peito do seu uniforme cheo de condecoracións e cruces. SAGRA baila co CAZADOR ASTUTO, que, pendentes do cinto, leva catro coellos, cada cal cunha pequena etiqueta, nas que é posible que vaia marcado o prezo. MADANME OLGA, en bata e zapatillas, fai labor sentado no diván. Ao seu lado, en pé, TRUDY, cunha botella de coñac na man, invítala de cando en cando a algunha copa, mirándoa constantemente con admiración e respecto...*

**SAGRA.-** *(Falando mentres baila.)* ¿E hai moito tempo que cazou vostede eses coellos?

**O CAZADOR ASTUTO.-** *(Bébedo, pero correcto sempre.)* Si, señorita. Hai quince días que os pesquei. Pero estou sempre tan ocupado que non consigo ter nin cinco minutos libres para comermos...

**SAGRA.-** Eu, para traballar, teño un vestido parecido ao seu. Soamente que, en lugar de levar colgando eses bichos, levo plátanos. Fai máis bonito...

**O CAZADOR ASTUTO.-** Eu non consigo pescar nunca plátanos. Eu só consigo pescar coellos.

**SAGRA.-** ¿Pero os coellos cázanse ou péscanse?

**O CAZADOR ASTUTO.-** *(Máis correcto que nunca.)* Iso depende da borracheira que teña un, señorita...

**SAGRA.-** ¿E non lle molestan a vostede para bailar?

**O CAZADOR ASTUTO.-** Atrozmente, señorita. Co seu permiso, vou tirar un ao chan.

*Desprende un coello do cinto e déixao caer ao chan.*

**SAGRA.-** ¡Que pobre!

*Seguen bailando, e a atención desprázase a MADANME OLGA e TRUDY.*

**MADAME OLGA.-** ¡Oh! ¡Eu son unha gran artista! Exhibinme en todos os circos de todas as cidades... Xunto ao vello oso, xunto á cabra triste, xunto aos nenos siameses... Great attraction! ¡Eu son unha grande artista! ...

**TRUDY.-** Si, Madanme Olga... ¿Pero por que non afeita vostede a barba?

**MADAME OLGA.-** O meu marido, monsieur Durand, non mo consentiu nunca... O meu marido era un home moi bo pero de ideas antigas... ¡El non puido resistir nunca a esas mulleres que se depilan as cellas e afeitan o cocote! Sempre o dicía o pobre: «¡Esas mulleres que se afeitan parécenme homes! »

**TRUDY.-** Si, Madanme... Pero, polo menos, podíalla vostede tinguir de louro... ¡Onde estea unha muller cunha boa barba loura! ...

**MADAME OLGA.**- ¡Oh! O meu marido, monsieur Durand, tampouco o consentiu. A el só lle gustaban as belas mulleres con barba negra... ¿Tipo español, non?... Dáme outra copa...

**TRUDY.**- ¿E o seu marido tamén era artista?

**MADAME OLGA.**- ¡Oh, el tivo unha gran sorte! Tiña cabeza de vaca e cola de crocodilo... Gañou unha fortuna... ¿Pero e esa copa?

**TRUDY.**- (*Envorcando a botella, que xa está baleira.*) Non hai máis.

**MADAME OLGA.**- (*Levantándose.*) Entón imos por outra botella...

**TRUDY.**- (*Tenra.*) Creo que no armario hai máis botellas de coñac... ¿Que lle parece se miramos?

**MADAME OLGA.**- Encantada. (*E, da man, fan mutis dentro do armario.*)

*A atención desprázase agora cara ao ANCIÁN MILITAR e FANNY.*

**O ANCIÁN MILITAR.**- Asegúrolle, señorita, que xamais esqueceré esta noite tan encantadora. ¿Non me di vostede nada?

**FANNY.**- Xa lle dixen que eu o que quero é que me regale vostede unha cruz...

**O ANCIÁN MILITAR.**- Pero é que estas cruces eu non as podó regalar, caramba...

**FANNY.**- ¿E para que quere vostede tanta cruz?

**O ANCIÁN MILITAR.** Necesítoas eu, caramba.

**FANNY.**- Pois eu quero que me regale vostede unha cruz...

**O ANCIÁN MILITAR.**- É imposible, señorita. Non teño inconveniente en regalarlle un sombreiro, pero unha cruz, non. Tamén podó regalarlle un aparello de radio para o comedor...

**FANNY.**- Ande vostede, bobo. Que ten vostede unha cabeza que parece unha muller bañándose...

**O ANCIÁN MILITAR.**- Oh, que graza ten vostede, señorita! ...

*Como durante todo o diálogo estiveron bailando, agora O ANCIÁN MILITAR tropeza co coello que tirou o cazador e, dun puntapé, mándao debaixo da cama.*

**FANNY.**- ¡Eh! ¿Que é iso?

**O ANCIÁN MILITAR.** - Non, nada. ¡Un gato!

*E seguen bailando, ata desaparecer pola esquerda. A atención desprázase a DIONISIO e PAULA.*

**DIONISIO.**- (*Bailando con PAULA.*) Señorita... Eu necesito saber por que estou eu bébedo...

**PAULA.**- Vostede non está bébedo, Toninini... (*Deixan de bailar.*)

**DIONISIO.**- Eu necesito saber por que me chama vostede a min Toninini...

**PAULA.**- ¿Non quedamos en que eu lle chame a vostede Tonini? É moi divertido ese nome, ¿verdade?

**DIONISIO.**- Oui.

**PAULA.**- ¿Por que di vostede “oui”?

**DIONISIO.**- Señorita... tamén eu queredría saber por que digo “oui”...

**PAULA.**- ¡É vostede un mozo marabilloso!

**DIONISIO.**- ¡Pois vostede tampouco é manca, señorita!

**PAULA.**- ¡Que cosas tan especiais di vostede!...

**DIONISIO.**- ¡Pois vostede tampouco chupa o dedo!...

**O ODIOSO SEÑOR.**- (*Achegándose a Dionisio.*) ¿Está vostede canso?

**DIONISIO.**- ¿Eu?

**O ODIOSO SEÑOR.**- ¿Permíteme vostede dar unha volta con esta señorita?

**PAULA.**- (*Groseira.*). ¡Non!

**O ODIOSO SEÑOR.**- Eu son o señor máis rico de toda a provincia...

**PAULA.**- ¡Non! ¡Non e non!

*E PAULA marcha pola porta esquerda. DIONISIO senta no sofá, medio durmido. E O ODIOSO SEÑOR vaise detrás de PAULA.*

**O CAZADOR ASTUTO.**- (*Sempre bailando.*) Señorita... Permíteme vostede que tire outro coello ao chan?

**SAGRA.**- Encantada, cabaleiro.

**O CAZADOR ASTUTO.**- (*Tirándoo esta vez debaixo da cama.*) Moitas grazas, señorita.

*E tamén se van bailando pola esquerda. Xa na habitación só quedaron BUBY, na cama, e DIONISIO, que fala sobre a música que segue soando dentro.*

**DIONISIO.**- Eu estou bébedo... A miña cabeza zumba... Todo dá voltas ao redor... ¡Pero son feliz! ¡Eu nunca fun tan feliz! ¡Eu son o cabalo branco do Gran Circo Principal! (*Levántase e dá uns pasos facendo o cabalo.*) Pero mañá..., mañá... (*De súpeto, fixéndose en BUBY.*) Ti tes algo interesante que facer mañá?... Eu, si... ¡Eu vou a unha festa! ¡A unha gran festa con flores, con música, con nenas vestidas de branco... (*Debaixo da cama soa unha voz que canta. DIONISIO agáchase, levanta a colcha e di, mirando debaixo da cama.*) ¡Oia, faga o favor de saír de aí! (*E O ALEGRE EXPLORADOR sae, moi serio, cunha botella na man, e vaise pola lateral esquerda.*) E logo, un tren... E un bico... E unha bágoa de felicidade... ¡E un fogar! ¡E un gato! ¡E un neno! ... E logo, outro gato..., e outro neno... ¡E un millón de gatos..., e un millón de nenos! ... ¡Eu non quero emborracharme! ... ¡Eu quéroa! ... (*Párase fronte ao armario. Escoita. Ábreo e dilles a TRUDY e a MADANME OLGA, que están dentro facendo o amor.*) ¡Fagan o favor de saír de aí! (*E a parella de namoradas sae collidas do brazo e vanse, moi amarteladas, pola esquerda, esfollando unha margarida.*) ¿Eu necesito que me digan por que está este señor vesgo deitado na miña cama? ¿E que fai unha muller barbuda no meu armario?

**PAULA.**- (*Dentro.*) ¡Dionisio! (*Sae.*) ¡Toninini ! (*E vai cara a el.*) ¿Que fai vostede?

**DIONISIO.**- (*Transición, e en voz baixa.*) Estaba aquí falando con este amigo... Eu non son Tonini... Eu non a coñezo a vostede... Eu non coñezo a ninguén. (*Moi serio.*) Adeus, boas noites. (*E vaise pola esquerda.*)

**PAULA.**- (*Intentando detelo.*) ¡Ven Dionisio!

*Pero BUBY levántase e se interpón diante da porta, pechando o paso a PAULA. Cambiou completamente de expresión e fala a PAULA en ton apremiante.*

**BUBY.**- ¿Algo?

**PAULA.**- (*Desgustada.*) ¡Oh, Buby! ...

**BUBY.**- (*Máis enérxico.*) ¿Algo?

**PAULA.**- O é un compañeiro... ¡traballará connosco! ...

**BUBY.**- ¿E que importa iso? ¡Xa o sei! Pero os compañeiros tamén ás veces teñen diñeiro... *(En voz baixa.)* E nós necesitamos o diñeiro esta mesma noite... Ti sábelo... ¡É necesario ese diñeiro, Paula! ... ¡Se non, todo está perdido! ...

**PAULA.**- Pero el é un compañeiro... foi unha mala sorte... Debes comprendelo, Buby... *(PAULA senta. e BUBY tamén. Pequena pausa.)*

**BUBY.**- Realmente, foi unha mala sorte que esta habitación estivese ocupada por un lindo compañeiro... ¿Porque el é lindo, verdade?

**PAULA.**- Non me importa... ¡Nin a ti che debe importar! ...

**BUBY.**- *(Sempre irónico, burlón e sentimental.)* Si. Eu sei que é lindo... ¡Foi unha mala sorte! ... Non é nada fácil descender un pestillo por dentro e facer unha boa escena para atoparse con que dentro da habitación non hai un bo viaxeiro gordo con papel na carteira... Verdadeiramente, foi unha mala sorte...

**PAULA.** - Buby. Isto que facemos non é divertido...

**BUBY.**- Non. Francamente, non é divertido, ¿verdade?... ¡Pero que lle imos facer! ... Buby non sabe bailar ben... ¡E vós bailades demasiado mal! ... *(Neste momento, na habitación da esquerda, voces a un tempo empezan a cantar, en plan de orfeón. Uns segundos, soamente. Sobre as últimas voces, xa moi piano, segue falando BUBY.)* ¿É difícil bailar, non?... Doen as pernas sempre e, ao terminar, o corazón queda fatigado... E, con todo, a algunha cousa se teñen que dedicar as bonitas mozas soñadoras, cando non queren pasar a vida no taller, ou na fábrica, ou no almacén de roupa. ¿O teatro é lindo, verdade? ¡Hai liberdade para todo! Os pais quedáronse na casa, alá lonxe, coa súa miseria e as súas penas... Non hai que coidar dos irmanciños, que son moitos e que choran sempre... Pero bailar é difícil, ¿verdade, Paula?... E os empresarios non pagan con exceso a aqueles artistas que non gustan o suficiente... *(Dentro, o Coro volve cantar algúns compases.)* ¿Verdade, Paula? Si. Paula xa sabe diso... E é tan fácil que unha rapariga bonita entre fuxindo do seu noivo no cuarto dun señor que se dispón a durmir... ¡É moi aburrido durmir só no cuarto dun hotel! E os gordos señores compadécense sempre das mozas que foxen e ata, ás veces, adóitanlles regalar billetes cando as mozas son cariñosas... E un bico non ten importancia... Nin dous, tampouco. ¿Verdade?...

**PAULA.**- ¡Pero el non é un señor gordo! ¡É un compañeiro! ...

**BUBY.**- *(Mirando cara á porta da esquerda.)* ¡Cala!

*E O ANCIÁN MILITAR e FANNY saen, collidos do brazo e paseando. FANNY leva colgada no peito unha das cruces do ANCIÁN MILITAR.*

**O ANCIÁN MILITAR.**- Señorita: xa lle regalei a vostede esa preciosa cruz... Espero que agora me dará vostede unha esperanza... ¿Quere vostede escapar comigo?...

**FANNY.**- Eu quero outra cruz...

**O ANCIÁN MILITAR.**- Pero iso é imposible, señorita... Comprenda vostede o sacrificio que fixen xa dándolle unha... Custoume moito traballo gañalas... Acórdome que unha vez, loitando cos indios sioux...

**FANNY.** - Pois eu quero outra cruz...

**O ANCIÁN MILITAR.**- Imos, señorita. Deixemos isto e conteste as miñas súplicas... ¿Consente vostede en escapar comigo?

**FANNY.**- Eu quero que me regale vostede outra cruz...

*Cruzarón a escena, ata chegar ao balcón; volven cruzala en sentido contrario, e agora desaparecen por onde entraron.*

**BUBY.-** Realmente foi unha mala sorte atopar un compañeiro na habitación do lado... Pero, Paula, as cousas aínda se poden arranxar... ¡A vida é boa! ¡Xurdiu o que non pensabamos! ¡Un pequeno baile no hotel! ¡Uns señores que vos invitan! ... Paula, entre estes señores, hainos que teñen diñeiro... Mira a Fanny. Fanny é lista... non perde o tempo... O militar ten cruces de ouro e ata cruces con brillantes... E hai tamén un rico señor que quere bailar contigo...

**PAULA.-** ¡É un odioso señor! ...

**BUBY.-** A linda Paula debe bailar con ese cabaleiro... ¡E Buby estaría moi alegre! (*Con ironía.*) ¿Ou é que che gusta o malabarista?

**PAULA.-** (*Sorrindo, divertida.*) Non sei.

**BUBY.-** Sería triste que te namorases del. As mozas coma vós non deben namorarse daqueles homes que non regalan xoias nin bonitas pulseiras para os brazos... ¡Necesitamos diñeiro, Paula!

**PAULA.-** Esta noite eu non teño ganas de falar cos señores ricos... Esta noite quero que me deixes en paz... Ás veces, estas cousas divirten a unha... pero outras veces non..

**BUBY.-** É que se non, isto acábase... Teremos que separarnos todos... (*Dentro, o Coro interpreta outras cancións.*) Eu non o pido por min... Pero unha boa moza... ¿Ou é que tes a ilusión de atopar un guapo noivo e que te vista de branco?...

**PAULA.-** Non sei, Buby. Non me importa... Nunca me ocupei diso...

**BUBY.-** ¡Ai, a miña Paula! ... Os cabaleiros quérenvos a vós, pero casan coas demais... (*Mira cara á esquerda.*) ¡Aquí vén este señor! ... (*Moi xunto a PAULA, hipócrita.*) ¡Vivan as mulleres cariñosas!

*Entra pola esquerda O ODIOSO SEÑOR, trae do brazo a CARMELA. O ODIOSO SEÑOR só ten ollos para PAULA pero CARMELA non está disposta a soltalo agora.*

**O ODIOSO SEÑOR.-** ¡Fai demasiada calor no outro cuarto! Todos están no outro cuarto moi bebidos...

**CARMELA.-** Moi bebidos, si...

**BUBY.-** (*Moi amable. Moi doce.*) ¡Oh, señor! Pero sente vostede aquí. (*O ODIOSO SEÑOR senta xunto a PAULA. CARMELA ponse á beira*) Aquí o aire é moito máis puro... Aquí o aire é tan despexado que, de cando en vez, cruza un paxariño cantando e as bolboretas van e veñen, pousándose nas flores das cortinas...

(*Como fixándose de súpeto nunha bolboreta imaxinaria e como queréndoa coller.*) ¡Silencio! ¡Oh! ¡Unha linda bolboreta! ¡Que belas cores ten! ¡Silencio! ¡Agora váise por alí! ... (*Pola porta da esquerda, na que el xa está preparando o mutis.*) ¡Vou pechar a porta, e dentro collereina! ¡Co seu permiso, señor!

*BUBY foise, deixando a porta pechada. O señor achégase máis a PAULA. CARMELA achégase máis ao ODIOSO SEÑOR. Hai unha pequena pausa, violenta, na que o señor non sabe como iniciar a conversación.*

**O ODIOSO SEÑOR.-** Por fin, ¿debutan vostedes mañá?

**PAULA.-** (*Sufrida e distante.*) Si. Mañá debutamos...

**O ODIOSO SEÑOR.-** Irei velas, para rirme un intre... Eu vexo sempre ás mozas que traballan por aquí... Eu son o señor máis rico de toda a provincia...

**CARMELA.**- *(Entregada.)* Ser rico, debe de ser fermoso, ¿verdade?...

**O ODIOSO SEÑOR.**- *(Orgullosa. Odioso.)* Si. Pásase moi ben... Un ten leiras... E ten estanques, con peixes dentro... Un come ben... tamén bebe bos viños...

**CARMELA.**- E, claro..., sendo rico..., as mulleres amaran sempre...

**O ODIOSO SEÑOR.**- Si. Elas sempre me aman... ¡É natural, eu son o máis rico de toda a provincia!...

**CARMELA.**- É claro... As mozas aman sempre aos señores educados... Elas necesitan o agarimo dun home como vostede... Por exemplo, a linda Paula abúrrese... Ela, esta noite, non atopa a ningún bo amigo que lle diga palabras agradables...

**O ODIOSO SEÑOR.**- *(A Paula.)* ¿De que cor ten vostede as ligas, señorita?

**PAULA.**- Azuis.

**O ODIOSO SEÑOR.**- ¿Azul claro ou azul escuro?

**CARMELA.**- As miñas son azul escuro.

**O ODIOSO SEÑOR.**- *(Sacando un par de ligas dun peto.)* ¿Permíteme vostede que lle regale un par de azul claro? O elástico é do mellor... *(Estíraas e dállas.)*

**PAULA.**- *(Tomándoas.)* Moitas grazas. Non é a miña cor; a Carmela seguro que lle irán ben. *(Dállas a CARMELA.)*

**CARMELA.**- ¿Para que se molestou?

**O ODIOSO SEÑOR.**- Non vale a pena. Na casa teño máis...

**PAULA.**- ¿Vostede vive neste pobo?

**O ODIOSO SEÑOR.**- Si. Pero todos os anos voume a Niza...

**CARMELA.**- ¿E a súa casa? ¿E o seu traballo?

**O ODIOSO SEÑOR.**- ¡Oh! Eu págolles a uns homes para que garden a miña casa e coiden dos meus negocios; así voume tranquilo a Niza... ¡En tren, desde logo!

**CARMELA.**- ¿Non ten vostede automóbil?

**O ODIOSO SEÑOR.**- Si. Teño tres... Pero a min non me gustan os automóviles, porque me molesta iso de que vaian sempre as rodas dando voltas... É monótono... *(A Paula, de súpeto.)* ¿Que número usa vostede de medias?

**PAULA.**- O seis.

**O ODIOSO SEÑOR.** *(Saca dun peto un par de medias, sen lear nin nada, e regálallas.)* ¡Seda pura! ¡Tire vostede!

**PAULA.**- Non. Non fai falta.

**CARMELA.**- É para que vexas que son boas, Paula. *(Cólleas e estíraas. Tanto, que as medias parten pola metade.)* Oh! ¡Romperon !

**O ODIOSO SEÑOR.**- Non importa aquí levo outro par. *(Saca outro par dun peto e regálallas a PAULA. CARMELA pon cara de “Eu non marchó”.)*

**PAULA.**- Moitas grazas.

**O ODIOSO SEÑOR.**- Non vale a pena...

**CARMELA.**- Entón, ¿todos os anos vai vostede a Niza?

**O ODIOSO SEÑOR.**- *(Responde a CARMELA pero non saca os ollos de PAULA.)*  
Todos os anos, señorita... Alí teño unha leira, e pásoo moi ben vendo muxir ás vacas. Teño cen. *(A PAULA.)* ¿A vostede gústanlle as vacas?

**PAULA.** - Gústanme máis os elefantes.

**O ODIOSO SEÑOR.**- Eu, na India, teño catrocentos... Por certo que agora lles puxen trompa e todo. Gastei un diñeiral... *(De súpeto.)* Perdón, señorita; esquecíame de ofrecerlle un ramo de flores.

*Saca do peto interior da americana un ramo de flores e regálallo. CARMELA morde os beizos de envexa*

**PAULA.**- *(Aceptándoo.)* Encantada.

**O ODIOSO SEÑOR.**- Non vale a pena... Son de trapo... Agora que o trapo é do mellor... *(E achégase máis a PAULA.)*

**PAULA.**- ¿Vostede é casado?

**O ODIOSO SEÑOR.**- Si. Claro. Todos os señores somos casados. Os cabaleiros casan sempre... Por certo que mañá, precisamente, teño que asistir a unha voda... casa a filla dunha amiga da miña señora e non teño máis remedio que ir.

**CARMELA.**- *(CARMELA volve tomar a iniciativa.)* ¿Unha voda por amor? ¡Que bonito!

**O ODIOSO SEÑOR.**- Si. Creo que os dous están moi namorados. Eu irei á voda, pero de seguida marcharei a Niza...

**CARMELA.**- ¡Como me gustaría a min ir a Niza!

**O ODIOSO SEÑOR.**- A miña casa de Niza é fermosa. Teño unha gran piscina, na que dou cinco ou seis baños diarios... ¿Vostede tamén se baña con frecuencia, señorita?

**PAULA.**- *(Moi inxenua.)* Si. Pero está claro que non tanto coma vostede...

**O ODIOSO SEÑOR.**- *(Algo desconcertado.)* ¡Claro! *(E saca do peto unha bolsa de bombóns.)* ¿Uns bombóns, señorita? Para vostede a bolsa...

**PAULA.**- *(Aceptándoos.)* Moitas grazas.

**O ODIOSO SEÑOR.**- Por Deus... ¿E que bota vostede na auga do baño?

**CARMELA.**- *(Volve mediar; non está disposta a quedar á marxe.)* Eu boto «Papillons de Printemps». ¡É un perfume moi lindo!

**O ODIOSO SEÑOR.**- Eu boto focas. Estou tan afeito a me bañar en Noruega, que non podo habituarme a estar na auga sen ter un par de focas xunto miña. *(Fixándose en PAULA, que non come bombóns.)* ¿Pero non toma vostede bombóns? *(Saca un bocadillo do peto.)* ¿Quere vostede este bocadillo de xamón?

**PAULA.**- Non teño fame.

**CARMELA.**- Eu si, se non lle importa déamo a min.

**O ODIOSO SEÑOR.**- *(Dállo a CARMELA, pero saca outro bocadillo doutro peto e ofrécello de novo a PAULA.)* ¿É que o prefire vostede de caviar?

**PAULA.**- Non. De verdade. Non quero nada.

**O ODIOSO SEÑOR.**- *(Pensa ofrecerllo a CARMELA, pero logo cambia de opinión e gárdao no peto.)* É unha mágoa. En fin, señorita... *(Achegándose máis. CARMELA igual.)* ¿Permíteme que lle dun bico? Logo desta conversación tan agradable, vese que nacemos o un para o outro...

**PAULA.**- (*Desviándose.*) Non.

**CARMELA.**- (*Coma se falase ás paredes.*) Eu si, se non lle importa déamo ao min.

**O ODIOSO SEÑOR.**- (*Estrañado pola actitude de PAULA.*) ¿Non? (*E entón, doutro peto, saca unha carraca.*) Co seu permiso, voume tomar a liberdade de regalarlle isto. Non vale nada, pero é entretido...

**PAULA.**- (*Collendo a carraca e deixándoa sobre o sofá.*) Moitas grazas.

**O ODIOSO SEÑOR.**- E agora, ¿pódolle dar un bico?

**PAULA.**- Non.

**CARMELA.**- (*Insiste.*) Si, si, déamo a min.

**O ODIOSO SEÑOR.**- Pois síntoo moito, pero non teño máis agasallos nos petos... Agora, que se quere vostede, podo ir á miña casa por máis...

**PAULA.**- (*Finxindo moita melancolía aproxímase a CARMELA. Faille entender que ten un plan, que lle siga a corrente.*) Non. Non se moleste.

**O ODIOSO SEÑOR.**- Parece que está vostede triste... ¿Que lle pasa?

**CARMELA.**- Si. Está triste. Estás horriblemente triste...

**O ODIOSO SEÑOR.**- ¿Seica cometín algunha incorrección, señorita?

**PAULA.**- Non. Estou moi triste porque me pasa unha cousa tremenda...

**CARMELA.**- ¡Paula é moi desgraciada, Señor!

**O ODIOSO SEÑOR.**- Todo ten arranxo na vida...

**PAULA.**- Non. Isto non ten arranxo. ¡Non pode ter arranxo!

**O ODIOSO SEÑOR.** ¿É que se lle romperon a vostede os zapatos?

**PAULA.**- Pasoume outra cousa máis terrible.

**CARMELA.**- ¡É moi desgraciada!

**O ODIOSO SEÑOR.**- Imos ver, señorita. Cánteme o que lle sucede...

**PAULA.**- Figúrese vostede que nós chegamos aquí esta tarde, de viaxe... E eu levaba unha carteira e dentro levaba os meus aforros... Uns cantos billetes... ¿Recordas a miña carteira vermella Carmela? (*CARMELA asente sen entender demasiado...*) E debeu de ser no tren... Sen dúbida, mentres durmía... O caso é que, ao espertar, non atopei a carteira por ningunha parte... Figúrese vostede o meu desgusto... Ese diñeiro facíame falta... E agora perdino todo. ¡Son moi desgraciada!

**CARMELA.**- (*Aproveita para achegarse novamente ao ODIOSO SEÑOR.*) ¡É moi desgraciada!

**O ODIOSO SEÑOR.**- (*Xa en garda.*) Vaia, vaia... ¿E di vostede que o perdeu no tren?

**PAULA.**- Si. No tren.

**O ODIOSO SEÑOR.**- ¿E mirou vostede ben polo departamento?

**PAULA.**- Si. E polos corredores.

**O ODIOSO SEÑOR.**- ¿Mirou vostede tamén na locomotora?

**PAULA.**- Si. Tamén mirei na locomotora... (*Pausa.*)

**O ODIOSO SEÑOR.**- ¿E canto diñeiro levaba vostede na carteira?

**PAULA.**- Catro billetes.



**O ODIOSO SEÑOR.**- ¿Pequenos? (*PAULA dubida, garda silencio.*)

**CARMELA.**- ¡Medianos! Dixéchesmo ti, Paula...

**O ODIOSO SEÑOR.**- ¡Vaia, vaia! ¡Billetes medianos!

**CARMELA.**- Paula está moi desgustada, cabaleiro!

**O ODIOSO SEÑOR.**- (*Xa disposto a todo.*) ¿E di vostede que son catro billetes?

**PAULA.**- Si. Catro billetes.

**O ODIOSO SEÑOR.**- Vaia, vaia... (*Pausa.*) ¿E non mo poderían vostedes deixar en menos?

**PAULA.**- ¿Que quere vostede dicir?

**O ODIOSO SEÑOR.**- (*Sorrindo pícaro.*) Un vai todos os anos a Niza e coñece estas cousas, señorita... Claro, que se vostede fose cariñosa... Aínda que hai que ter en conta que xa lle fixen varios agasallos...

**PAULA.**- Non entendo o que vostede quere dicir... Fala vostede dunha forma...

**O ODIOSO SEÑOR.**- (*Sacando un billete da carteira.*) ¿Para quen vai ser este billeteño?

**CARMELA.**- Mira Paula, é como os que perdiches!

**PAULA.**- (*PAULA detén a CARMELA.*) Non se moleste, cabaleiro... É posible que aínda atope a carteira...

**O ODIOSO SEÑOR.**- (*Achegándose a PAULA e colocándolle o billete na man.*) Tómeo. Se atopa a carteira xa mo devolverá... E, agora... ¿Permíteme vostede que lle dea un bico?

**CARMELA.**- (*Apartándoos. E facéndose co control da situación.*) ¡Hai, Paula ten un desgusto tan grande! Porque figúrese que non é un billete soamente... Son catro...

**O ODIOSO SEÑOR.**- (*Sacando novamente a carteira e dela outros tres billetes.*) Vaia, vaia... (*Moi mimoso.*) ¿Para quen van ser estes billeteños?

**PAULA.**- (*Tomándoos, e xa cariñosa.*) ¡Que simpático é vostede!

**CARMELA.**- (*Aproveita para participar da situación.*) ¡Paula xa non é desgraciada!

*E O ODIOSO SEÑOR quítase a chaqueta. Paula ponse en garda.*

**PAULA.**- ¿Que fixo vostede?

**O ODIOSO SEÑOR.**- Pórme cómodo, ¿non quere vostede quitar algo? (*Vai cara elas. Xa perdeu toda a súa falsa educación. Xa quere cobrar o seu diñeiro canto antes.*) ¡As dúas sodes moi bonitas!

**PAULA.**- (*Xa indignada.*) ¡Vostede non ten dereito a isto!

**O ODIOSO SEÑOR.**- Eu non gasto o meu diñeiro en balde, nena...

**PAULA.**- (*Furiosa.*) ¡Eu non lle pedín a vostede ese diñeiro! ¡Vostede deumo! ¡Déixeme vostede! ¡Fóra de aquí! ¡Largo! ¡Vou berrarr!

**CARMELA.**- Paula, ¡que che deu catro billetes!... O Señor foi bo contigo; deixa que tamén o sexa comigo!!

**PAULA.**- ¡Eu non llos pedín! (*Gritando.*) ¡Buby! ¡Buby!

*O señor, brutote, quiere abrazar a PAULA. Pero BUBY entrou pola porta da esquerda e contempla a escena, frío, frío. O señor, amedrentado pola presenza de Buby, suorento, descomposto, fóra de si, diríxese ameazador a PAULA e a CARMELA.*

**O ODIOSO SEÑOR.-** ¡Devólvanme ese diñeiro! ¡Pronto! ¡Devólvanme ese diñeiro!  
¡Canallas!

**PAULA.-** *(Tirándolle o diñeiro que o señor recolle.)* ¡Aí vai o seu diñeiro!

**CARMELA.-** Hai, volvemos ser desgraciadas!

**O ODIOSO SEÑOR.-** ¡Devólvanme as medias!

**PAULA.-** *(Tirándolle as medias.)* ¡Aí van as súas medias!

**O ODIOSO SEÑOR.-** ¡Devólvanme as flores!

**PAULA.-** *(Tirándollas.)* ¡Aí van as flores! ...

**O ODIOSO SEÑOR.-** ¡Canallas! ¿Que vos crestes? *(Vai achegándose á porta do foro.)* ¿Pensabades enganarme entre os tres? ¡A min! ¡Canallas! *(E fai mutis.)*

**BUBY.-** *(Frío.)* ¿Sentiches escrúpulos, Paula?

**PAULA.-** Si. El pensara o que non era. É un bárbaro, Buby...

**CARMELA.-** Probablemente gustaralle máis que a bique o malabarista...

**PAULA.-** *(Nerviosa.)* ¡Deixádeme en paz! ¡Vaite ti tamén Carmela! ¡Deixádeme en paz todos!

**BUBY.-** Linda Paula... botaches todo a perder... ¡Todo! Será mellor que non sigas pensando nese parvo dos sombreiros, porque se non te mato a ti ou máto a el... ¿Entendes, Paula? *(A Carmela.)* ¡Vivan as mozas que fan caso a Buby!

*E fai mutis pola esquerda levando a CARMELA. PAULA senta no sofá con aceno de desgusto e, pola esquerda, volven entrar FANNY e O ANCIÁN MILITAR, que, como antes, collidos do brazo e paseando, atravesan a escena dun lado a outro. Pero esta vez xa FANNY leva todas as cruces prendidas no seu peito. Ao ANCIÁN MILITAR só lle queda unha. A máis grande.)*

**O ANCIÁN MILITAR.-** Xa lle dei todas as cruces. Só me queda unha. A que máis traballo me custou gañar... Consequina pelexando cos cosacos. ¿E, agora, accede vostede a escapar comigo? Irémonos a América e alí seremos felices. Poremos un gran rancho e criaremos galiñas...

**FANNY.-** Eu quero que me dea vostede esoutra cruz...

**O ANCIÁN MILITAR.-** Non. Esta non podó darlla, señorita...

**FANNY.-** Pois entón non me vou con vostede...

**O ANCIÁN MILITAR.-** ¡Oh, señorita! ... ¿E se lla dese? *(Vanse pola esquerda.)*

*PAULA segue no seu mesma actitude pensativa. E agora, pola esquerda, entra DIONISIO con ollos de durmir. E fíxase en PAULA, á que é posible que se lle saltaron as bágoas.*

**DIONISIO.-** ¿Está vostede chorando?

**PAULA.-** Non choro...

**DIONISIO.-** ¿Está triste porque non estaba? Eu quedei aí, durmindo cuns amigos... *(PAULA cala.)* ¿Rifou vostede con ese Buby?

**PAULA.-** *(Con agarimo.)* Dionisio...

**DIONISIO.**- ¿Que?

**PAULA.**- Sente aquí... comigo...

**DIONISIO.**- *(Sentándose ao seu lado.)* Ben.

**PAULA.**- ¡Se soubese vostede o contenta que estou desde que o coñezo!... ¡Vostede non é coma os demais! *(DIONISIO, distraído, colle a carraca que quedou por alí e empeza a tocala, moi entretido.)* E, con todo, hai que vivir coa xente, porque, se non, unha non podería beber nunca champaña, nin levar lindas pulseiras nos brazos... É moi triste estar soa... As mozas coma min morren de tristeza nas habitacións destes hoteis... É preciso que vostede e eu sexamos bos amigos. ¿Queres que nos atemos?

**DIONISIO.**- Ben. Pero un ratiño nada máis...

**PAULA.**- Non. Sempre. É mellor... O malo... o malo é que ti non seguirás connosco cando terminemos de traballar aquí... E cada un iremos polo noso lado... A non ser que ti necesitates unha «parteniére» para o teu número... ¡Así poderíamos estar máis tempo xuntos!... Eu aprendería a facer malabares, ¿non? ¡A xogar tamén con tres sombreiros de copa! ...

*A Dionisio descompúxoselle a carraca. Xa non soa. Por este motivo, ponse triste.*

**DIONISIO.**- Descompúxose...

**PAULA.**- *(Collendo a carraca e arranxándoa.)* É así. *(E vólvela a dar a DIONISIO, que segue tocándoa, tan divertido.)* ¡Pero non importa! Estes días pasarémolos moi ben, ¿sabes?... Mira... Mañá sairemos de paseo. Iremos á praia... Xunto ao mar... ¡Os dous sós ! Coma dous nenos pequenos, ¿sabes? ¡ Ti non es coamo os demais cabaleiros! ¡ Ata a noite non hai función! ¡Temos toda a tarde para nós! Compraremos cangrexos... ¿Ti sabes pelar ben as patas dos cangrexos...? Eu si. Eu ensinareiche... Comerémolos alí, sobre a area... Co mar enfronte. ¿Gústache a ti xogar coa area? ¡É marabilloso! Eu sei facer castelos e unha ponte co seu ollo no centro por onde pasa a auga... ¡E sei facer un volcán! Métense papeis dentro e queímanse, ¡ e sae fume! ... ¿Ti non sabes facer volcáns?

**DIONISIO.**- *(Xa deixou a carraca e vaise animando aos poucos.)* Si.

**PAULA.**- ¿E castelos?

**DIONISIO.**- Si.

**PAULA.**- ¿Con xardín?

**DIONISIO.**- Si; con xardín. Póñolles árbores e unha fonte no medio e unha escaleira cos seus banzos para subir á torre do castelo...

**PAULA.**- ¿Unha escaleira de area? ¡Oh, es un home marabilloso! Dionisio, eu non a sei facer...

**DIONISIO.**- Eu si. Tamén sei facer un barco e un tren... ¡E figuras! Tamén sei facer un león...

**PAULA.**- ¡Oh! ¡Que ben! ¿Estalo vendo, Dionisio? Ningún deses cabaleiros saben facer con area nin volcáns, nin castelos, nin leóns! ¡Nin Buby tampouco! ¡Eles non saben xogar! Eu sabía que ti eras distinto... ¿Ensinarame a facelos, verdade? Iremos mañá...

*Pausa. DIONISIO, ao oír a palabra «mañá», perde de súpeto a súa alegría e o seu entusiasmo polos xogos xunto ao mar.*

**DIONISIO.**- ¡Mañá! ...

**PAULA.**- ¡Mañá!

**DIONISIO.**- Non.

**PAULA.**- ¿Por que?

**DIONISIO.**- Porque non podo.

**PAULA.**- ¿Tes que ensaiar?

**DIONISIO.**- Non.

**PAULA.**- Entón... ¿entón, que tes que facer?

**DIONISIO.**- Teño... que facer.

**PAULA.**- ¡Déixao para outro día! ¡Hai moitos días! ¡Que máis dá! ¿É moi importante o que tes que facer?...

**DIONISIO.**- Si.

**PAULA.**- (*De súpeto.*) ¿Noiva non terás, verdade?...

**DIONISIO.**- Non; noiva, non.

**PAULA.**- ¡Non debes ter noiva! ¿Para que queres ter noiva? É mellor que teñas só unha amiga boa, coma min... Pásase mellor... Eu non quero ter noivo... porque eu non quero casar. ¡Casar é ridículo! ¡Tan tesos! ¡Tan pálidos! ¡Tan bobos! ¡Que risa! , ¿verdade?... ¿Ti pensas casar algunha vez?

**DIONISIO.**- Regular...

**PAULA.**- Non te cases nunca... Estás mellor así... Así estás máis guapo... Se te casas serás desgraciado... E, ademais, xa non poderemos ser amigos... ¡Mañá iremos á praia a comer cangrexos! E pasadomañá ti levantaraste cedo e eu tamén... Citarémonos abaixo e iremos de seguido ao porto e alugaremos unha barca... ¡Unha barca sen barqueiro! E levamos o bañador e bañámonos lonxe da praia, onde non fagamos pé... ¿Ti sabes nadar?...

**DIONISIO.**- Si. Nado moi ben...

**PAULA.**- Máis nado eu. Eu resisto moito. Xa o verás...

**DIONISIO.**- Eu sei facer o morto e mergullar...

**PAULA.**- Eu fago a carpa... e, desde o trampolín, sei facer o anxo...

**DIONISIO.**- E eu collo do fondo dez céntimos coa boca...

**PAULA.**- ¡Oh! ¡Que ben! ¡Que gran día mañá! ¡E pasado! ¡Xa verás, Dionisio, xa verás! ¡Tostarémonos ao sol! ...

**SAGRA.**- (*Pola lateral esquerda co abrigo, collida do brazo co CAZADOR ASTUTO.*)  
¡Paula! ¡Paula! ¡Ven! ¡Mira! ¿Sabes unha cousa? ¡Decidimos irnos todos ao porto a ver amencer!

**O CAZADOR ASTUTO.**- O porto está cerca e xa case é de día. Levaremos as botellas que quedan e, alí, beberémolas xunto aos pescadores que saen á mar a cazar.

**SAGRA.**- ¡Pasarémolo moi ben! ¡Imos todos ver o amencer! ...

*Da habitación da esquerda empeza a saír xente. MADAME OLGA xa está vestida, vén acompañada por TRUDY e CARMELA. Tamén saen O ANCIÁN MILITAR e FANNY, ela coa gran cruz e el cun gran sorriso. E, moi amartelados.)*

**O ANCIÁN MILITAR.**- Oh, Fanny; mira que se tivésemos un neno louro! ...

**FANNY.-** ¡ Por Deus, Alfredo! ...

*Todos van en fila e colleitos do brazo. Todos levan botellas na man.*

**TRUDY.-** *(Case cantando.)* ¡Imos ver amencer!

**TODOS.-** ¡Imos ver amencer!

**TRUDY.-** ¡Fronte ás augas da baía! ...

**TODOS.-** ¡Fronte ás augas da baía!...

**MADAME OLGA.-** ¡E despois tiraremos ao mar as botellas que queden baleiras!

**UNS.-** *(Saíndo pola porta do foro.)* ¡Imos ver amencer!

**OUTROS.-** ¡Fronte ás augas da baía! *(E vanse todos.)*

**PAULA.-** *(Alegre.)* ¿Imos, Dionisio?

**DIONISIO.-** ¿Que hora é?

**PAULA.-** Deben de ser preto das seis...

**DIONISIO.-** ¿Preto das seis? Non pode ser... ¡As seis! ¡Son preto das seis!

**PAULA.-** ¿Pero que tes, Dionisio? ¿Por que estás así? ¡Imos con eles! ...

**DIONISIO.-** Non. Non vou. Estou enfermo... Dóeme moito a cabeza... Bebín demasiado... Non. Todo isto é absurdo. Eu non podo facer isto.... ¡Xa son preto das seis!... Eu quero estar só... Eu necesito estar só...

**PAULA.-** Ven, Dionisio ... Eu quero ir contigo... Se ti non vas quedo tamén eu... aquí, xunto a ti... ¡Eu non podo estar separada de ti! *(Achégase a el moito, con amor.)* ¡Ti es un mozo moi marabilloso! *(Apoia a cabeza no ombreiro de DIONISIO.)* ¡Gústasme tanto! *(E bícansse.)*

*Pero BUBY, silenciosamente, saíu pola esquerda e viu este bico marabilloso. E, friamente, achégase a eles e dá un forte golpe na caluga a PAULA, que cae ao chan dando un pequeno berro. Despois, moi rapidamente, BUBY foxe pola porta do foro.*

*PAULA, no chan, cos ollos pechados, non se move. Quizá está desmaiada, ou morta. DIONISIO, espantado, vai dunha porta a outra, unhas veces correndo e outras moi despaciño. Está máis grotesco que nunca.*

**DIONISIO.-** Que é isto? ¡Non é posible! ... *(E, de súpeto, soa o timbre do teléfono.)* Si. Son eu; Dionisio... Non, non me pasa nada... Estou ben. *(DIONISIO toma o auricular e fala.)* ¿Eh?... ¿Quen?... ¿Asustácheste porque non contestei cando chamaches? Oh, non! ¡Doíame moito a cabeza e saín! Saín á rúa a respirar o aire. Si. Por iso non podía contestar cando chamabas:... ¿Que dis? ¿Eh? ¿Que vén o teu pai? ¿A que? ¡Pero se non me pasa nada! ¡É estúpido que o fagas vir! ... Non ocorre nada... Non pasa nada... *(E chaman á porta do foro.)* ¡Ah! *(Ao teléfono.)* Chamaron á porta... Si... Debe de ser o teu pai...

*Ao ir, nerviosamente, cara á porta, tira o teléfono; intenta arranxalo. Non pode. Desconcértase aínda máis.*

**DON SACRAMENTO.-** *(Dentro.)* ¡Dionisio! ¡Dionisio!

*DIONISIO, co teléfono na man, e todo moi rapidamente, corre cara á porta. Non sabe que facer. Vai cara a PAULA e se axeonlla xunto a ela. Pon o seu oído no peito de PAULA, intentando oír o seu corazón. Fai un xesto de pánico. E agora pon o teléfono, que leva na man, xunto ao corazón de PAULA e escoita polo auricular.*

**DON SACRAMENTO.-** *(Dentro, golpeando.)* ¡Dionisio!

**DIONISIO.**- *(Contestando tamén polo auricular.)* ¡Un momento! ¡Vou!

*E collendo a PAULA por baixo dos brazos, comicamente, desgarbadamente, ridiculamente, intenta ocultala detrás da cama. Mentres segue chamando DON SACRAMENTO. DIONISIO, unha vez asegurado que Paula está ben oculta, vai abrir.*

**DON SACRAMENTO.**- *(Dentro.)* ¡Dionisio! ¡Dionisio! ¡Dionisio! ¡Abre! ¡Son eu! ¡Son Don Sacramento! ¡Son Don Sacramento! ...

**DIONISIO.**- Si... Xa vou... *(Abre. Entra DON SACRAMENTO, con levita, sombreiro de copa e un paraugas.)* ¡Don Sacramento!

**DON SACRAMENTO.**- ¡A miña nena está triste! A miña nena, cen veces chamou por teléfono, sen que vostede contestase ás súas chamadas. A nena está triste e a nena chora. A nena pensou que vostede morrera. A nena está pálida... ¿Por que martiriza vostede á miña pobre nena?...

**DIONISIO.**- Eu saín á rúa, Don Sacramento... Doíame a cabeza... Non podía durmir...Saín pasear baixo a choiva. E na mesma rúa, dei dúas ou tres voltas... Por iso eu non oín que ela me chamaba... Pobre Margarita... ¡Como sufriría!

**DON SACRAMENTO.**- A nena está triste. A nena está triste e a nena chora. A nena está pálida. ¿Por que martiriza vostede á miña pobre nena?...

**DIONISIO.**- Don Sacramento... Xa llo dixen... Eu saín á rúa... Non podía durmir.

**DON SACRAMENTO.**- A nena desmaiouse no sofá malva da sala rosa... ¡Ela creu que vostede morrera! ¿Por que saíu vostede á rúa pasear baixo a choiva?

**DIONISIO.**- Doíame a cabeza, Don Sacramento .. .

**DON SACRAMENTO.**- ¡As persoas decentes non saen pola noite pasear baixo a choiva! ... ¡Vostede é un bohemio, cabaleiro!

**DIONISIO.**- Non, señor.

**DON SACRAMENTO.**- ¡Si! ¡Vostede é un bohemio! ¡Só os bohemios saen pasear de noite polas rúas!

**DIONISIO.**- ¡Pero é que me doía moito a cabeza!

**DON SACRAMENTO.**- Vostede debeu pór dúas rodas de pataca nas tempas...

**DIONISIO.**- Eu non tiña patacas...

**DON SACRAMENTO.**- As persoas decentes deben levar sempre patacas nos petos, cabaleiro... E tamén deben levar tafetán para as feridas... Xuraría que vostede non leva tafetán...

**DIONISIO.**- Non, señor.

**DON SACRAMENTO.**- ¿Estao vostede vendo? Vostede é un bohemio, cabaleiro!.... Cando vostede case coa nena, vostede non poderá ser tan desordenado no vivir. ¿Por que está así este cuarto? *(Collendo a carraca que estaba no sofá.)* ¿Que fai aquí esta carraca?

E xa queda con ela, distraído, na man. E, de cando en cando, faraa soar, mentres fala.

**DIONISIO.**- Os cuartos dos hoteis modestos son así... E este é un hotel modesto... ¡Vostede ten que comprendelo, Don Sacramento! ...

**DON SACRAMENTO.**- Eu non comprendo nada. Eu non estiven nunca en ningún hotel. Nos hoteis só están os grandes estafadores europeos e as vampiresas internacionais. As persoas decentes están nas súas casas e reciben ás súas visitas no

gabinete azul, onde hai mobles dourados e antigos retratos de familia... ¿Por que non puxo vostede neste cuarto os retratos da súa familia, cabaleiro?

**DIONISIO.**- Eu só penso estar aquí esta noite...

**DON SACRAMENTO.**- ¡Non importa, cabaleiro! Vostede debe pór cadros nas paredes. Só os asasinos ou os falsos herdeiros non teñen cadros nas paredes... Vostede debeu pór o retrato do seu avó co uniforme de maestrante...

**DIONISIO.**- Non era maestrante... era tenedor de libros...

**DON SACRAMENTO.**- ¡Pois co, uniforme de tenedor de libros! ¡As persoas honradas téñense que retratar de uniforme, sexan tenedores de libros ou sexan o que sexan! ¡Vostede debeu pór tamén o retrato dun neno en traxe de Primeira Comunión!

**DIONISIO.**- ¿Pero que neno ía pór?

**DON SACRAMENTO.**- ¡Iso non me importa! ¡Dá o mesmo! ¡Un neno calquera! ¡Hai moitos! ¡O mundo está cheo de nenos de Primeira Comunión!... E tamén debeu vostede pór retratos de persoas ilustres... ¿Por que non os puxo? ¡En todas as casas hainos! «Romeo e Xulieta falando polo balcón do seu xardín», «Xesucristo orando no Horto das Oliveiras», «Napoleón Bonaparte no seu desterro da illa de Santa Elena»... (*Noutro ton, con admiración.*) ¡Que gran home, Napoleón!, ¿verdade?

**DIONISIO.**- Si. Era moi belicoso... Era ese que levaba sempre así a man. (*Métese a man no peito.*)

**DON SACRAMENTO.**- (*Imitando a postura.*) Efectivamente, levaba sempre así a man...

**DIONISIO.**- ¿Debía de ser moi difícil, verdade?

**DON SACRAMENTO.**- (*Cos ollos en branco.*) ¡Só un home coma el podía levar sempre así a man!...

**DIONISIO.**- (*Póndose a outra man nas costas.*) E a outra a levaba así...

**DON SACRAMENTO.**- (*Facendo o mesmo.*) Efectivamente, así a levaba.

**DIONISIO.** - ¡Que home!

**DON SACRAMENTO.**- ¡Napoleón Bonaparte!... (*Pausa admirativa, facendo os dous de Napoleón. Despois, DON SACRAMENTO segue falando no mesmo ton anterior.*) Vostede terá que ser ordenado... ¡Vostede vivirá na miña casa, e a miña casa é unha casa honrada! ¡Vostede non poderá saír polas noites pasear baixo a choiva! Vostede, ademais, terá que levantarse ás seis e cuarto para almorzar ás seis e media un ovo frito con pan...

**DIONISIO.**- A min non me gustan os ovos fritos...

**DON SACRAMENTO.**- ¡Ás persoas honorables téñenlle que gustar os ovos fritos, señor meu! Toda a miña familia tomou sempre ovos fritos para almorzar... Só os bohemios toman café con leite e pan con manteiga.

**DIONISIO.**- Pero é que a min me gustan máis pasados por auga... ¿Non mos poderían vostedes facer a min pasados por auga?...

**DON SACRAMENTO.**- Non sei. Non sei. Iso terémolo que consultar coa miña señora. Se ela o permite, eu non porei inconveniente ningún. ¡Pero advírtolle a vostede que a miña señora non tolera caprichos coa comida! ...

**DIONISIO.**- (*Xa case chorando.*) ¡Pero eu que lle vou facer se me gustan máis pasados por auga, home! ...

**DON SACRAMENTO.**- Nada de cines, ¿eh?... Nada de teatros. Nada de bohemia... Ás sete, a cea... E logo da cea, os xoves e os domingos, faremos unha pequena festa (*Picaresco*), porque tamén o espírito necesita expansionarse, ¡que diaño! (*Neste momento descompónselle a carraca, que estaba tocando. E queda moi preocupado.*) ¡Descompúxose!

**DIONISIO.**- (*Como no acto anterior PAULA, el cóllea e arránxalla.*) É así. (*E vólvelle a dar a DON SACRAMENTO, que, moi contento, tócaa de cando en cando.*) A nena, os domingos, tocará o piano, Dionisio... Tocará o piano, e quizais, quizais, se temos sorte, quizais recibamos algunha visita... Persoas honradas, desde logo... Por exemplo, farei que vaia o señor Smith... Vostede farase de seguido moi amigo seu e pasará charlando con el moitos momentos... O señor Smith é unha persoa moi coñecida... O seu retrato apareceu en todos os xornais do mundo... ¡É o centenario máis famoso da poboación! Acaba de cumprir cento vinte anos e aínda conserva cinco dentes... ¡Vostede pasará falando con el toda a noite! ... E tamén irá a súa señora...

**DIONISIO.**- ¿E cantos dentes ten a súa señora?

**DON SACRAMENTO.**- ¡Oh, ela non ten ningún! Perdeunos todos cando caeu por aquela escaleira, e quedou paralítica para toda a vida, sen poderse levantar da súa cadeira de rodas... ¡Vostede pasará grandes intres charlando con este matrimonio encantador! ...

**DIONISIO.**- Pero e se morren cando estou falando con eles... ¿Que fago eu?

**DON SACRAMENTO.**- ¡Os centenarios non morren nunca! ¡Entón non terían ningún mérito, cabaleiro!... (*Pausa. DON SACRAMENTO fai un xesto de ulir.*) Pero... ¿ha que cheira neste cuarto?... Desde que estou aquí noto eu un cheiro estraño... É un raro cheiro... ¡E non é nada agradable este cheiro! ...

**DIONISIO.**- Deixaron aberta a porta da cociña...

**DON SACRAMENTO.**- (*Sempre ulindo.*) Non. Non é iso... É coma se un corpo humano se estivese descompondo...

**DIONISIO.**- (*Aterrado. Aparte.*) ¡Deus! ¡Ela morreu! ...

**DON SACRAMENTO.**- ¿Que cheiro é este, cabaleiro? ¡Neste cuarto hai un cadáver! ¿Por que ten vostede cadáveres no seu cuarto? ¿É que os bohemios teñen cadáveres na súa habitación?...

**DIONISIO.**- Nos hoteis modestos sempre hai cadáveres...

**DON SACRAMENTO.**- (*Buscando.*) ¡É por aquí! Por aquí debaixo. (*Levanta a colcha da cama e descobre os coellos que tirou O CAZADOR. Cólleos.*) ¡Oh, aquí está! ¡Dous coellos mortos! ¡É isto o que cheiraba deste xeito!... ¿Por que ten vostede dous coellos debaixo da cama? Na miña casa non poderá vostede ter coellos na súa habitación... Tampouco poderá vostede ter galiñas... ¡Estráganlo todo! ... ¿E matounos vostede?...

**DIONISIO.**- Si. Mateinos eu cunha escopeta. O dono dálle a cada hóspede unha escopeta para que mate os coellos que atope na habitación. Son cousas que pasan nos hoteis modestos...

**DON SACRAMENTO.**- (*Mirando unha etiqueta do coello.*) E estes números que teñen no pescozo, ¿que significan? Aquí pon 3,50...

**DIONISIO.**- Non é 3,50. É 350. Como hai tantos, o dono tenos numerados, para organizar concursos. E ao hóspede que, por exemplo, mate o número 14, regálalle un ferro eléctrico... Pero a min non me tocou nada.



**DON SACRAMENTO.**- ¡Que magoa!... ¿E que pensa vostede facer con estes coellos?...

**DIONISIO.**- Non o pensei aínda... Se os quere vostede como agasallo...

**DON SACRAMENTO.**- ¿A vostede non lle fan falta?

**DIONISIO.**- Non. Eu xa teño moitos. Envolvereillos nun papel.

*Colle un papel que hai en calquera parte e envólvellos. Despois dállos.*

**DON SACRAMENTO.**- Moitas grazas, Dionisio. Eu levareillos aos meus sobriños para que xoguen... ¡Eles recibirán unha gran alegría!... E agora, adeus, Dionisio. Vou consolar á nena, que aínda estará desmaiada no sofá ... Xa sabe vostede como é ela... Ela adórao... (*Mira o reloxo.*) Son as seis e corenta e tres. Dentro dun momento o coche virá buscalo para ir á igrexa... Estea preparado... ¡Que emoción! ¡Dentro dunhas horas vostede será esposo da miña Margarita! ...

**DIONISIO.**- ¿Pero diralle vostede á súa señora que a min me gustan máis os ovos pasados por auga?

**DON SACRAMENTO.**- Si. Direillo. Pero non me entreteña. ¡Oh, Dionisio! Xa estou desexando chegar a casa para regalarlles isto aos meus sobriños... ¡Como van chorar de alegría os pobres pequenos!

**DIONISIO.**- ¡E tamén lles vai vostede regalar a carraca?

**DON SACRAMENTO.**- ¡Oh, non! ¡A carraca é para min!

*E vaise pola porta do foro. Paula asoma a cabeza por detrás da cama e mira a DIONISIO tristemente. DIONISIO, que foi a pechar a porta, ao volverse, vea.*

**PAULA.**- ¡Oh! ¿Por que me ocultaches isto? ¡Cásaste, Dionisio!

**DIONISIO.**- (*Baixando a cabeza.*) Si...

**PAULA.**- Non eras nin sequera un malabarista...

**DIONISIO.**- Non.

**PAULA.**- (*Levántase. Vai cara á porta da esquerda.*) Entón eu debo ir a miña habitación ...

**DIONISIO.**- (*Deténdoa.*) Pero ti estabas ferida. ¿Que che fixo Buby? ...

**PAULA.**- Foi un golpe máis... Deixoume K.O.... Debín perder o coñecemento uns momentos! É moi bruto Buby... Pódeme sempre... (*Despois.*) ¡Cásaste, Dionisio! ...

**DIONISIO.**- Si...

**PAULA.**- (*Intentando novamente irse.*) Eu voume á miña habitación...

**DIONISIO.**- Non.

**PAULA.**- ¿Por que? .

**DIONISIO.**- Porque esta habitación é máis bonita. Desde o balcón vese o porto...

**PAULA.**- ¡Cásaste, Dionisio! ...

**DIONISIO.**- Si. caso, pero pouco...

**PAULA.**- ¿Por que non mo dixeches?...

**DIONISIO.** - Non sei... Pasei a vida metido nun pobo pequeniño e triste e pensaba que para estar alegre había que casar coa primeira moza que, ao mirarnos, lle palpitase o peito de tenrura... Eu adoraba á miña noiva... Pero á miña noiva non lle gusta ir

comer cangrexos fronte ao mar, nin se divirte facendo volcáns na area... E ela non sabe nadar... Eu non sabía que había mulleres coma ti, que ao falarnos non lles palpita o corazón, pero palpítanlles os beizos nun constante sorrir... Eu non sabía nada de nada.... ¡Pero eu non caso, Paula!... ¡Eu non podoo tomar ovos fritos ás seis e media da mañá! ...

**PAULA.-** *(Xa sentada no sofá.)* Xa che dixoo ese señor, o teu futuro sogro, que chos farán pasados por auga...

**DIONISIO.-** ¡É que a min non me gustan tampouco pasados por auga! ¡A min gústame o café con leite, con pan e manteiga! ¡Eu son un terrible bohemio!... Paula, eu marcharei contigo e aprenderei a facer xogos malabares con tres sombreiros de copa...

**PAULA.-** Facer xogos malabares con tres sombreiros de copa é moi difícil... Caen sempre ao chan...

**DIONISIO.-** Eu aprenderei a bailar como bailas ti e como baila Buby...

**PAULA.-** Bailar é máis difícil aínda... Doen moito as pernas, e non gañas cartos como para vivir...

*Dionisio vai sentar xunto a ela.*

**DIONISIO.-** ¡Eu farei algo extraordinario para poder ir contigo! ... ¡Sempre me dixeches que son un mozo moi marabilloso! ...

**PAULA.-** E élo. Es tan marabilloso, que dentro dun intre vaste casar, e eu non o sabía...

**DIONISIO.-** Aínda hai tempo. Deixaremos todo isto e irémonos a Londres...

**PAULA.-** ¿Ti sabes falar inglés?

**DIONISIO.-** Non. Pero iremos a un pobo de Londres. A xente de Londres fala inglés porque todos son riquísimos e teñen moitos cartos para aprender esas bobadas. Pero a xente dos pobos de Londres, como son máis pobres e non teñen diñeiro para aprender esas cousas, falan como ti e coma min... ¡Falan como en todos os pobos do mundo! ... ¡E son felices! ...

**PAULA.-** Realmente eu non quero ir contigo, Dionisio.

**DIONISIO.-** *(Triste.)* ¿Por que? ¿Non queres estar comigo?

*Pausa. Ela non quere falar. Levántase e vai cara ao balcón.*

**PAULA.-** Xa debe de estar amecendo... E aínda chove... ¡Dionisio, xa apagaron as luciñas do porto! ¿Quen será o que as apaga?

**DIONISIO.-** O fareiro.

**PAULA.-** Si. Debe ser o fareiro...

**DIONISIO.-** Paula..., ¿non me queres?

**PAULA.-** *(Aínda desde o balcón.)* E vai frío...

**DIONISIO.-** *(Collendo unha manta da cama.)* Ven xunto a min... Abrigarémonos os dous con esta manta... *(Ela vai e sentan os dous xuntos, cubréndose as pernas coa manta.)* ¿Queres a Buby?

**PAULA.-** Buby é o meu amigo. Pero o pobre Buby é malo, e non casa nunca... E os demais casan sempre... Isto non é xusto, Dionisio...

**DIONISIO.-** ¿Tiveches moitos noivos?

**PAULA.**- ¡Un noivo en cada provincia e un amor en cada pobo!... Realmente, é moi divertido!... O malo é, Dionisio..., o malo é que todos estaban casados xa, e os que aínda non o estaban escondían na carteira o retrato dunha noiva con quen se ían casar... Dionisio, ¡ti tamén tiñas xa na carteira o retrato dunha noiva! ... ¡Como aborrezco as carteiras e como aborrezco as noivas dos meus amigos!... Así non é posible ir con eles xunto ao mar... Así, non é posible nada... ¿Por que casan todos os cabaleiros?...

**DIONISIO.**- Porque ir ao fútbol sempre, tamén aburre...

**PAULA.**- Dionisio, ensíname o retrato da túa noiva...

**DIONISIO.**- Non.

**PAULA.**- ¡Que máis dá! ¡Ensínamo! Ao final ensínano todos...

**DIONISIO.**- (*Saca unha carteira. Ábrea. PAULA esculca.*) Mira...

**PAULA.**- (*Sinalando algo.*) ¿E isto? ¿Tamén un rizo do pelo?...

**DIONISIO.**- Non é dela. Deumo Madame Olga... Cortouno da barba, como un pequeno recordo... (*Ensínalle unha fotografía.*) Este é o seu retrato, mira...

**PAULA.**- (*Mírao con atención. Despois.*) ¡É horrorosa, Dionisio!...

**DIONISIO.**- Si.

**PAULA.**- Ten demasiados lunares...

**DIONISIO.**- Doce. (*Sinalando co dedo.*) Isto de aquí é outro...

**PAULA.**- E os ollos son moi tristes... Ademais, eu son máis nova... Eu debo de ser moi nova, pero non sei con certeza a miña idade... Ninguén mo dixo nunca... ¿É gracioso, non?... Na cidade vive unha amiga que casou... Ela tamén bailaba connosco. Cando vou á cidade sempre vou á súa casa. E na parede do comedor sinalo cunha raia a miña estatura. ¡E cada vez sinalo máis alta a raia! ... ¡Dionisio, aínda estou crescendo! ... ¡É encantador estar crescendo aínda! ... Pero cando a raia non suba máis alta iso indicará que deixei de crecer e que son vella... ¡Que tristeza entón! , ¿verdade? ¿Que fan as mozas coma min cando son vellas?... (*Mira outra vez o retrato.*) ¡Eu son máis guapa ca ela! ...

**DIONISIO.**- ¡Ti es moito máis bonita! ¡Ti es máis bonita que ningunha! Paula, eu non me quero casar... Terei uns nenos horribles... ¡e criarei ácido úrico!...

**PAULA.**- ¡Xa é de día, Dionisio! ¡Teño ganas de durmir! ...

**Dionisio.**- Bota a túa cabeza sobre o meu ombreiro... Durme a carón miña...

**PAULA.**- (*Faio.*) ¿A túa noiva nunca te bica?...

**DIONISIO.**- Non.

**PAULA.**- ¿Por que?

**DIONISIO.**- Non pode ata que case...

**PAULA.**- Pero, ¿nin unha vez sequera?...

**DIONISIO.**- Non, non. Nin unha vez sequera. Di que non pode...

**PAULA.**- ¡Pobre rapariga!, ¿verdade? Por iso ten os ollos tan tristes... (*Pausa.*) ¡Bícame, Dionisio!...

**DIONISIO.**- (*Bícaa.*) ¡Paula! ¡Eu non me quero casar! ¡É unha bobada! ¡Xa nunca sería feliz!... ¡Imos marcharnos xuntos! ... ¡Dime que me queres, Paula!

**PAULA.-** ¡Déixame durmir agora! ¡Estamos tan ben así!

Pausa. Os dous, coas cabezas xuntas, teñen pechados os ollos. Cada vez hai máis luz no balcón. De súpeto, óese o ruído dunha corneta que toca diana e que vai achegándose máis cada vez. Logo óense uns golpes na porta do foro.

**DONA ROSARIO.-** *(Dentro.)* ¡Son as sete, don Dionisio! ¡Xa é hora de que se arranxe! ¡O coche non tardará! ¡Son as sete, don Dionisio!

*(El queda desconcertado. Hai un silencio. E ela boquexa e di: )* Son xa as sete, Dionisio. Xa te tes que vestir.

**DIONISIO.-** Non.

**PAULA.-** *(Levantándose e tirando a manta ao chan.)* ¡Imos! ¿É que es bobo? ¡Xa é hora de que marches! ...

**DIONISIO.-** Non quero. Estou moi ocupado agora...

**PAULA.-** *(Facendo o que di.)* Eu preparareiche todo... Verás... A auga... Toallas... Anda. ¡A lavarte, Dionisio! ...

**DIONISIO.-** Voume constipar. Teño moitísimo frío... *(Bótase na cama, aniñándose.)*

**PAULA.-** Non importa... Así entrarás en reacción... *(Levántao á forza.)* ¡E isto despexarate! ¡Ven pronto! ¡Un mergullo agora mesmo! *(Mételle a cabeza na auga.)* ¡Así! Non podes levar cara de sono... Se non, rifarache o cura... Rifaranche todos...

**DIONISIO.-** ¡Eu teño moito frío! Eu estou afogando!...

**PAULA.-** Iso é bo... Agora a secar... E teste que peitear... Mellor peiteareite eu... Verás... Así... Vas ir moi guapo, Dionisio... Se cadra agora sáече outra nova noiva... Pero... ¡oe! ¿E os sombreiros de copa? *(Cólleos.)* ¡Están todos estragados! ... Non che vai servir ningún... Pero ¡xa está! ¡Non te apures! ¡Mentres pos o traxe eu buscareiche un meu! Está novo. ¡É o que saço cando bailo!

Sae pola porta da esquerda. DIONISIO escóndese tras o biombo e pon os pantalóns do chaquet. De seguido entra polo foro DONA ROSARIO, vestida absurdamente de voda e coa gaita. A súa sobriña tamén a acompaña e leva unha gran bandeira branca. E mentres DONA ROSARIO fala, a SOBRÍÑA corre pola habitación.

**DONA ROSARIO.-** ¡Don Dionisio! ¡Don Dionisio! ... ¡Teño todo preparado! ¡Dea se présa en terminar! ¡Está o corredor adornado con flores e cadenetas! ¡As criadas teñen posto o traxe dos domingos e tiraranlle «confetti» ! ... ¡Os camareiros tiraranlle faragullas de pan! ¡E o cociñeiro tirará na súa honra galiñas enteiras polo aire!

**DIONISIO.-** *(Asomándose.)* ¿Pero por que dispuxo vostede iso?...

**DONA ROSARIO.-** Non se apure, Don Dionisio. O mesmo faría por aquel neno meu que afogou no pozo... ¡invitei a todo o barrio e todos o esperan no portal! ¡As mulleres e os nenos! ¡Os mozos e os vellos! ¡Os policías e os ladróns! ¡Dea se présa, don Dionisio! ¡Xa está todo preparado!

E vaise outra vez polo foro; e coa gaita, desde dentro, empeza a tocar unha bonita marcha. PAULA sae agora cun sombreiro na man.

**PAULA.-** ¡Dionisio! ...

**DIONISIO.-** *(Sae de detrás do biombo, cos pantalóns do «chaquet» postos e os faldóns da camisa fóra.)* ¡Xa estou! ...

**PAULA.**- ¡Atopei xa o sombreiro! ... ¡Xa verás que ben che está! (*Ponllo a DIONISIO, a quen lle está moi mal.*) ¿Velo? ¡É o que che senta mellor ! ...

**DIONISIO.**- ¡Pero isto non é serio, Paula! ¡É un sombreiro de baile! ...

**PAULA.**- ¡Así, mentres que o teñas posto, pensarás cousas alegres! ¡E agora, o pescozo! ¡A gravata! (*Empeza a poñerlla, todo moi mal.*)

**DIONISIO.**- ¡Paula! ¡Eu non quero casar! Eu non vou saber que dicirlle a ese señor centenario!

**PAULA.**- ¡Pois xa está! (*Termina. Ponlle o «chaquet».*) E agora, o «chaquet»... ¡E o pano no peto! (*Contéplalle, xa vestido do todo.*) Pero, ¿e a camisa esta? ¿Lévanse así nas vodas?...

**DIONISIO.**- (*Ocultándose tras o biombo para meterse a camisa.*) Non. Se é que...

**PAULA.**- ¿Como é unha voda, oe? ¿Ti sábelo? Eu non fun nunca a unha voda... Como me deito tan tarde, non teño tempo de ir... Pero será así... ¡Sae xa! (*DIONISIO sae, xa coa camisa no seu sitio.*) Eu son a noiva e vou vestida de branco cun veo ata os pés... E collida do teu brazo... (*Faino. E páséanse polo cuarto.*) E entraremos na igrexa..., así..., moi serios os dous... E ao final da igrexa haberá un cura moi simpático, cos seus guantes brancos...

**DIONISIO.**- Paula... Os curas non levan guantes brancos...

**PAULA.**- ¡Cala! ¡Haberá un cura moi simpático! E entón saudarémolo... «Bos días. ¿Está vostede ben? ¿E a súa familia, está ben?... E daremoslle un bico ao cura...

**DIONISIO.**- ¡Paula! ¡Aos curas non se lles pregunta pola familia e non se lles dá bicos!

**PAULA.**- (*Enfadada.*) ¡Pois eu bicareino, porque para iso son a noiva e podo facer o que queira! ...

**DIONISIO.**- É que... ti non serás a noiva.

**PAULA.**- ¡É verdade! ¡Que pena que non sexa eu a noiva, Dionisio!...

**DIONISIO.**- ¡Paula! ¡Eu non quero casar! ¡Vámonos xuntos a Chicago! ...

**DONA ROSARIO.**- (*Dentro.*) ¡Don Dionisio! ¡Don Dionisio! ...

**DIONISIO.**- ¡Escóndete!... ¡É Dona Rosario! ¡Non debe verte no meu cuarto!

*PAULA escóndese tras o biombo.*

**DONA ROSARIO.** (*Entrando.*) ¡Xa está o coche esperando! ¡Saia pronto, Don Dionisio! ¡Xa as criadas están tirando «confetti»! ¡E os camareiros xa tiran faragullas de pan! ¡Saia pronto, Don Dionisio! ...

**DIONISIO.**- (*Mirando cara ao biombo, sen querer marcharse.*) Si, agora vou...

**DONA ROSARIO.**- ¡Non! ¡Non! Diante miña... Eu irei detrás tocando unha marcha...

**DIONISIO.**- É que eu... quero despedirme...

**DONA ROSARIO.**- ¿Do cuarto? ¡Non se preocupe! ¡Nos hoteis os cuartos son sempre iguais! ¡Non deixan recordos nunca! ¡Imos, imos, don Dionisio! ...

**DIONISIO.**- (*Sen deixar de mirar ao biombo.*) É que... (*PAULA saca unha man por encima do biombo, como despedíndose del.*) ¡Adeus! ...

**DONA ROSARIO.**- (*Colléndoo polas solapas do «chaquet» e levándoo tras el.*) ¡Viva o amor!

*E ondea a bandeira. DIONISIO volve despedirse coa man. E tamén PAULA. E DONA ROSARIO e DIONISIO desaparecen polo foro. PAULA sae do seu agocho. Achégase á porta do foro e mira. Logo corre cara ao balcón e volve mirar a través dos cristais. A gaita de DONA ROSARIO segue soando, interpretando unha bonita marcha. PAULA saúda coa man, tras os cristais. Despois, vólvese. Ve os tres sombreiros de copa e cólleos... E, de súpeto, cando parece que se vai pór sentimental, tira os sombreiros polo aire e lanza o alegre berro da pista: ¡Hoop! Sorrí, saúda e...**ESCURO. FIN.***